



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

Lugar: casa do concello

Data: 11 de maio do 2016

Hora de comezo: 20.30 horas

Hora de remate: 22.15 horas

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

No salón de sesións da casa do concello presidindo o concelleiro e primeiro tenente de alcalde don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros/as que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria -interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Prórroga inicio execución proxecto urbanización SAUI 2**
- 3. Disponibilidade importe de 20.215,51 € e aboamento paga extraordinaria decembro 2012**
- 4. Recoñecemento extraxudicial de crédito**
- 5. Modificación dos regulamentos de abastecemento e saneamento**
- 6. Ratificación do decreto de aprobación do convenio de adhesión ó “Punto Limpo”**
- 7. Dar conta liquidación 2015**

- 8. Moción número 677 do PP;**
- 9. Información da alcaldía**
- 10. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

O señor Canabal di: “Antes de comezar este pleno, como estamos na semana das letras quixera que as nosas primeiras palabras foran de recoñecemento ao autor homenaxeado este ano, o poeta labrego, o poeta chairego, o poeta nacional Manuel María, home cunha basta obra e comprometido con este país.

Cos votos a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 9 de marzo do 2016.

2.Prórroga inicio execución proxecto urbanización SAUI 2

O Pleno da corporación na sesión celebrada o 10 de xullo de 2013, acordou:

- Autorizar a suspensión temporal do inicio das obras de execución da urbanización do polígono SAUI-2, por un prazo de tres anos prorrogables por períodos de dous anos.
- Autorizar o aprazamento da presentación dos avais.
- Notificar o acordo de suspensión temporal á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia e ao ADIF.

Con data 8 de marzo 2016, rexistro nº 460, don Julio Devesa Regueiro, presidente da xunta de compensación presenta un escrito solicitando prórroga de dous anos para o inicio das obras da urbanización do SAUI-2 e da presentación do correspondente aval por importe do 20% dos custos de urbanización.

Achega xunto coa solicitude, escrito das entidades bancarias Banco popular, Santander e ABANCA, denegando a concesión do referido aval.

Á vista da documentación presentada polo SAUI-2, resulta acreditadas as dificultades económicas para facer fronte ao aval exixible para iniciar a execución da urbanización, e en consecuencia co acordado o 10 de xullo de 2013, procede autorizar a prórroga dos dous anos solicitados.

A continuación o señor Canabal di que este punto, tal e como se expresa na proposta da alcaldía, trátase dunha prórroga dun acordo plenario tomado o 10 de xullo de 2013.

Quero recordarlle, e que conste na acta desta sesión, a argumentación xurídica e política que facía naquela sesión: *“Dende o plano político dicir que vista toda a tramitación e enredos producidos neste asunto, levamos dende o ano 2003 para tentar desenvolver unha zona industrial que a día de hoxe aínda se atopa en fase de proxección. Pensen vostedes, ou pensemos todos, a eficacia desta administración que leva máis de 10 anos cunha tramitación dunha zona industrial, onde pola lentitude desta e doutras administracións se perderon xa varias oportunidades de poder desenvolver esta área.*

E así que chegamos á actualidade, onde temos un monstro de 500.000 m2 que será, tanto pola actual situación económica xeral como polo alto custo do chan industrial resultante, moi difícil de desenvolver, polo que esta administración debiera ter pensado algunha alternativa a este chan industrial, posto que tristemente, será moi complexo que se poida desenvolver tal e como na actualidade está .

En canto ao punto de vista de xurídico, e visto os antecedentes que se expresan na proposta da alcaldía, o acordo que se pretende adoptar antóllaseme claramente ilegal polas seguintes razóns:

1.- A previsión da Lei 9/02 (art 128 LOUGA) para os casos nos que os particulares incumpren as súas obrigas é o cambio de sistema, non a suspensión de prazos para urbanizar e/ou garantir a urbanización. A solución que se propón pola Alcaldía é unha ocorrencia, e ademais é contraria á lei.

2.- Si o Concello non ten medios sempre se pode tratar de licitar o desenvolvemento do polígono para seleccionar unha empresa interesada.

3.- Non se pode modificar o plan de etapas do plan de sectorización por dúas razóns: a primeira, porque sería un acto nulo de pleno dereito, por infracción absoluta de procedemento (art 62.1. da Lei 30/92) xa que para modificar o plan de sectorización debe seguirse o mesmo procedemento previsto para a súa aprobación, como di o art 93.4 da LOUGA; e a segunda porque o plan de sectorización prevé unha única etapa.

4.- A suspensión que se propón, tal como se expón, ten carácter indefinido, porque xa se prevé a súa renovación posterior sine die.

Por estes motivos solicito a retirada deste punto da orde do día, e o estudo pormenorizado das opcións legalmente previstas na lei, posto que a proposta así exposta é claramente ilegal, e mesmamente podería constituír un feito delituoso para os concelleiros que tomen o acordo tal e como está exposto.”

Aínda que como sempre, nada pasa por tomar acordos contrarios á lei, o que si é certo é a interpretación política que facía hai dous anos, e que se trata dunha patada á pelota e a correr tras dela. Non nos enfrontamos a un problema, e seguimos, tras 13 anos, sen contar cunha área de desenvolvemento industrial, e tendo perdido varias opcións para que se desenvolvera esta zona industrial. Se despois disto, non poden chamarlles claramente incompetentes, creo que nunca poderei.

O señor Sanjuás di que aceptan esta proposta sen máis debate, ao que responde o señor Canabal que nunca tiveron debate, so alargan os problemas.

Di o señor Sanjuás que por moito debate que se faga , se non hai cartos as obras non se poden executar.

O señor Canabal di que hai diferentes opcións e responde o señor Sanjuás que as opcións terán que buscalas e aceptalas os integrantes da Xunta de Compensación

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra da agrupación Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1. Prorrogar dous anos máis o prazo para o inicio da execución das obras de urbanización do polígono do SAUI-2, así como para a presentación do aval por importe do 20 % do custo das obras.

2. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.

3. Notificar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a Augas de Galicia e á Administración de Infraestruturas Ferroviarias.

3.Dispoñibilidade importe de 20.215,51 € e aboamento paga extraordinaria decembro 2012

No Pleno realizado o 14 de novembro de 2012 (modificado no Pleno do 21/12/2012) acordouse inmovilizar o crédito previsto para o aboamento da paga extra de decembro de 2012 por importe de 39.992,31 euros, acordo adoptado en cumprimento do establecido polo Real decreto lei 20/2012 de medidas para garantir a estabilidade presupostaria.

Posteriormente, nos plenos realizados o 14 de maio de 2014 e o 1 de novembro de 2015, acordouse dispoñer e aboar do total inmovilizado, 10.018,24 euros e 10.750,06 euros respectivamente. A lei 48/2015 de orzamentos xerais do estado para o ano 2016, na súa disposición adicional duodécima, establece no apartado 1 que cada administración pública poderá aprobar dentro do exercicio 2016, e por unha soa vez, unha retribución de carácter extraordinario cuxo importe será o equivalente ás cantidades non recuperadas dos importes non percibidos como consecuencia da supresión da paga extraordinaria correspondente ó mes de decembro de 2012 por aplicación do RDL 20/2012 de medidas para garantir a estabilidade presupostaria.

Con data 4 de maio de 2016, rexistros de entrada números 16/826, 16/827 e 16/828, os traballadores municipais ós que no seu momento afectou a supresión total da paga extra do mes de decembro de 2012, solicitan que se lle abone a parte proporcional correspondente ó 49,73% que está pendente de recibir.

A continuación o señor Canabal di que foi o grupo de goberno quen propuxo ao pleno retirarlle a paga extraordinaria aos traballadores e quede claro, unha vez máis, que o noso grupo non estivo nin estivo de acordo con aquel decretazo do ano 2012, polo que se lle roubou a paga extra aos funcionarios e aos traballadores públicos. Coido que quedou perfectamente claro tanto naquela sesión de 14 de novembro de 2012 como en sesións posteriores, onde se foi aprobando as devolucións (estas si foron “*salarios en diferido en forma de simulación*”, Cospedal dixit) en forma de simulación electoral.

Dicía no pleno de novembro (cando se devolveu o 26,23% desa paga extra) que o grupo popular, facía “seguidismo” desas regulacións claramente inxustas e lesivas para a xente do común, votara a favor de retirar estas pagas extraordinarias, e agora, sumándose a unha campaña claramente electoralista, propoñendo a súa devolución, mais faino por fases, é dicir, en función do calendario electoral.

- A primeira devolución foi en maio de 2014, xusto antes das eleccións europeas.
- Agora, e xusto antes das eleccións estatais, proponse a recuperación doutra parte.
- E a terceira parte pois xusto antes das eleccións xerais de xuño de 2016.

En fin, se non estamos de acordo coas disposicións do goberno de España polas que quita ou rouba a paga extra aos traballadores públicos, resulta realmente nauseabundo que se empregue a devolución con tinguiduras claramente electoralistas, o que ademais me parece un insulto aos propios prexudicados.

É dicir, ando, vexo, escoito e leo nos max media que se van facer barcos en Ferrol e que se vai devolver as pagas extras aos funcionarios, sei perfectamente que comezou a campaña electoral.

O señor Sanjuás di que o seu grupo non lles retirou voluntariamente a paga, só cumpriron coa lei, aínda que non estiveran de acordo con ela.

Sen máis, cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1. Dispoñer do importe de 20.215,51 euros, total inmovilizado na sesión plenaria que tivo lugar o 21/12/2012.

2. Con este importe, aboar a parte proporcional que corresponde ó 49,73% da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012. Con este pagamento máis os aprobados e aboados nas sesións plenarias anteriormente citadas, tense por cumprida a obriga e aboada totalmente a paga extraordinaria correspondente ó mes de decembro de 2012.

4.Recoñecemento extraxudicial de crédito

Na Xunta de Goberno do día 17/03/2016, aprobouse unha relación de facturas emitidas por Gas Natural SUR SDG,SA por importe de 3.218,72 euros e imputáronse ó exercicio 2015.

Posteriormente, e debido ás regularizacións e correccións que houbo que facer cando a Deputación da Coruña realizou o peche do orzamento do ano 2015, detectouse que non podían ser imputadas ó pasado ano por non haber partida presupostaria para o efecto.

Polo tanto é preciso recoñecer o importe destas facturas e imputalo ó novo exercicio.

Aparte, recibíronse da mesma subministradora outra serie de facturas que cumpre recoñecer e aboar posto que son de consumos do pasado ano.

Por outro lado, cumpre aclarar que desde o pasado ano, a subministradora Gas Natural SUR SDG, SA, ten pendente de aboar ó concello a cantidade de 2.153,13 euros que son importes de regularizacións de lecturas de contadores que non estaban ben facturadas. O día 10/08/2015, a propia empresa enviou unha comunicación onde achegaba o listado especificando as devolucións de cada punto de luz mal facturado. Por correo electrónico tamén se recibiron comunicacións de axustes varios, pero a día de hoxe non se recibiu ningún tipo de ingreso.

Polo tanto, este concello vai a facer as contas correspondentes e solucionar a situación. O total da suma de facturas que se van a levar a recoñecemento é de 6.384,9 euros, e a débeda de Gas Natural SUR SDG, SA é de 2.153,13 euros, polo tanto o concello vai aboar a diferenza destas cantidades con tal de regularizar pola súa conta a situación que se está a dar. O concello aboará o importe de 4.231,77 euros e darase por pagado todo o facturado ata esta data por Gas Natural SUR SDG, SA.

O señor Canabal di que nos dous plenos pasados dicíalles, dirixíndome aos concelleiros máis novos aquí, que o recoñecemento extraxudicial de facturas (como vostedes lle

chaman), que non é senón un recoñecemento extraxudicial de crédito, é un ritual anual que se consuma nos 3 ou incluso 4 primeiros plenos de cada ano. É dicir, chegarán pois ata os plenos de maio ou xullo.

Reiterar tamén, por que é un falso argumento manido nestas sesións, que isto non é porque as facturas chegaran tarde, senón porque se están aprobando gastos que non estaban orzamentados nos orzamentos de 2015 (o cal é claramente ilegal) e todo iso, pese ás 3 modificacións orzamentarias que tivo o orzamento de 2015.

E xa paso, e para que conste literalmente en acta a ler a ladaíña que levo soltando aquí dende o ano 2003:

-O propio Consello de Contas de Galicia, ten reflectido no informe de fiscalización a este concello que “o recoñecemento extraxudicial de créditos é reflexo dunha situación de deficiente xestión municipal que trata de dar solución á existencia de obrigas de pago sen crédito orzamentario”.

-Aínda que como é lóxico, esta figura existe e aparece dentro da lexislación referida ás facendas locais, está permitido “excepcionalmente” pola lei como medida de protección dos intereses de terceiros (é dicir, en protección dos fornecedores deste concello).

-Mais a súa aplicación, e así está recoñecido na xurisprudencia e nos diversos informes do propio Consello de Contas de Galicia, “supón unha quebra do propio concepto de orzamento e dos principios de anualidade e especialidade cualitativa e cuantitativa”.

Se analizamos o grao de “excepcionalidade” vemos que no Concello de Boqueixón non se cumpre:

-Dende o ano 2000 o concello de Boqueixón recoñeceu extraxudicialmente **3.379.391,37 €** o que supón unha media (2000 – 2015) de **211.211,96 €** movidos dun ano para o seguinte. É dicir, ilegalmente, e fóra dos orzamentos.

-No que vai de exercicio este pleno aprobou por esta figura excepcional **271** facturas por un importe de **84.074,29 €**.

Deixo a continuación o relatorio (de momento) dos recoñecementos extraxudiciais de crédito dende o ano 2000, simplemente para a súa incorporación á acta desta sesión.

ANO	REC
2000	51.086,03 €
2001	210.354,24 €
2002	276.465,57 €
2003	211.948,54 €
2004	471.508,78 €
2005	127.291,12 €
2006	223.040,71 €
2007	196.060,25 €
2008	748.239,16 €
2009	290.082,17 €
2010	131.816,17 €
2011	62.955,19 €
2012	95.765,04 €
2013	79.397,65 €

2014	119.306,46 €
2015	84.074,29 €
TOTAL	3.379.391,37 €
PROMEDIO 2000 – 2014	211.211,96 €

Obvio pois recordarlle que isto racha o principio de anualidade do propio orzamento, e que despois do dito nestes anos, fan recoñecementos extraxudiciais de crédito masivos a sabendas de que é un acto irregular e ilegal.

En canto á orixe destas facturas dicir que son case todas de enerxía eléctrica. Quedan tamén para a acta deste pleno as contías das tres empresas eléctrica facturas que foron pagadas en base ao REC do presente ano:

Etiquetas de fila	Suma de importe
CHC ENERGIA UDESA E GRES	12.103,47 €
GAS NATURAL S.U.R. SDG, SA	25.866,59 €
GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	45.547,98 €
Total xeral	83.518,04 €

Polo tanto mentres non se incremente a conta 221.00, non poderán deixar de empregar este recurso que é claramente ilegal.

E non o fan, porque non poden, porque racharían coa regra de gasto, esa regra que vostedes votan como se fora unha “cuestión de fe”, e que é un atentado contra da razón. Polo tanto, seguimos agardando a que pase algún organismo fiscalizador e lle poña as pilas. Porque sinceramente, non se nos ocorre como dicilo para que vostedes tenten corrixir o que a todas luces é unha ilegalidade.

O señor Sanjuás di que apoian este recoñecemento de créditos.

Cos votos a favor do grupo PP e en contra dos do grupo Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1 Recoñecer extraxudicialmente as seguintes relacións de facturas emitidas por Gas Natural SUR SDG, SA por un importe total de 6.384,9 euros que se aboarán con cargo á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2016. A continuación transcríbense os listados:

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
1151011627598	ES0022000007566337DZ1P	120,49	Lg. Casal, 9109 - A.Público	02/11/2015	24/09/15 a 28/10/15
1151011599180	ES0022000007019787MJ1P	276,04	Lg. Casalpeguito, 9318 A.Púb.	02/11/2015	25/09/15 a 23/10/15
1151110021173	ES0022000007561243HA1P	89,06	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	05/11/2015	01/10/15 a 01/11/15
1151011596650	ES0022000007164018CB1P	354,37	Lg. Forte, 9030 A.Público	01/11/2015	24/09/15 a 28/10/15
1151011580584	ES0022000007021268TE1P	288,45	Lg. Gándara, 9700 A.Público	01/11/2015	24/09/15 a 28/10/15
1151011642291	ES0022000007251856KN1P	244,96	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	02/11/2015	24/09/15 a 28/10/15

1150850001294	ES0022000007320556HB1P	230,44	Lg. Milleirós, 9087 A.Público	27/11/2015	25/06/15 a 25/08/15
1151150000046	ES0022000007320556HB1P	250,28	Lg. Milleirós, 9087 A.Público	27/11/2015	25/08/15 a 01/11/15
1151011647191	ES0022000007021143HN1P	156,48	Lg. Outeiro, 9710 A.Público	02/11/2015	24/09/15 a 28/10/15
1151110009979	ES0022000007455157MQ1P	202,29	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	04/11/2015	24/08/15 a 01/11/15
1151011579776	ES0022000007455163ME1P	160,53	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	01/11/2015	24/09/15 a 27/10/15
1151011638403	ES0022000007249666HF1P	72,13	Lg. Pena, 9915 - A.Público	02/11/2015	24/09/15 a 28/10/15
1151011617074	ES0022000007021150HL1P	203,18	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	02/11/2015	24/09/15 a 27/10/15
1151011580145	ES0022000007320580LN1P	153,29	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	01/11/2015	24/09/15 a 28/10/15
1151011592723	ES0022000008876495WT1P	46,17	Lg. Vilar, 0005 A.Público	01/11/2015	24/09/15 a 27/10/15
1151011581563	ES0022000007320555HX1P	23,46	Lg. Vilar, 9003 A.Público	01/11/2015	24/09/15 a 27/10/15
1151110009728	ES0022000004975486VK1P	124,68	Lg. Vilar, 9700 A.Público	04/11/2015	24/09/15 a 01/11/15
1151011624544	ES0022000004975490HW1P	2,35	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	04/11/2015	24/09/15 a 27/10/15
1151011618463	ES0022000004975491HA1P	135,19	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	02/11/2015	24/09/15 a 28/10/15
1151011597923	ES0022000007249769EH1P	84,88	Lg. Vilar, 9924 A.Público	01/11/2015	24/09/15 a 27/10/15
	TOTAL	3.218,72			

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
1150650002548	ES0022000007249771EC1P	298,59	Lg. Picota, 9925 A.Público	22/03/2016	01/05/15 a 29/06/15
1150650002569	ES0022000007021144HJ1P	210,02	Lg. Rodiño Pequeño, 9709 A.Púb.	23/03/2016	01/05/15 a 26/06/15
1150650002578	ES0022000007661757HF1P	192,24	Lg. Forte, 9080 A.Público	28/03/2016	01/05/15 a 29/06/15
1150650002587	ES0022000008622400VD1P	311,60	Lg. Rodiño Pequeño, 9700 A.Púb.	30/03/2016	01/05/15 a 29/06/15
1150750002507	ES0022000007249633QC1P	12,34	Lg. Xiadás, 9910 A.Público	22/03/2016	01/05/15 a 01/07/15
1150850002602	ES0022000007253151PL1P	167,23	Lg. Deseiro de Arriba, 9000 A.Púb.	22/03/2016	29/06/15 a 25/08/15
1150850002641	ES0022000007320549HG1P	162,67	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	23/03/2015	01/07/15 a 01/08/15
1150850002660	ES0022000007021144HJ1P	224,83	Lg. Rodiño Pequeño, 9709 A.Púb.	23/03/2016	26/06/15 a 25/08/15
1150850002661	ES0022000007021147HQ1P	19,12	Lg. Pumares, 9707 A.Público2	23/03/2016	01/07/15 a 25/08/15
1150850002707	ES0022000007372764BD1P	214,81	Lg. Ardilleiro Pequeno,9921 A.Púb.	28/03/2016	25/06/15 a 25/08/15
1150850002719	ES0022000007566337DZ1P	90,53	Lg. Casal, 9109 - A.Público	29/03/2016	01/07/15 a 01/08/15
1150850002801	ES0022000008942577TA1P	572,21	Lg. Vilar, 0001 A.P Poste	30/03/2016	25/06/15 a 25/08/15
	TOTAL	2.476,19			

Facturas GAS NATURAL SUR SDG, SA

Facturas que non constan recibidas por FACE

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
1150611703714	ES0022000008386073TF1P	-54,09	Lg. Forte, 0011DU, PCIVIL	05/07/2015	01/05/15 a 26/06/15
1150710032231	ES0022000007019824FG1P	-19,21	Lg. Igrexa (A), 0001 A.Público	06/07/2015	01/05/15 a 01/07/15
1150811450048	ES0022000004357716EP1P	-59,56	Lg. Vilar, 0001	29/08/2015	25/06/15 a 25/08/15
1150811506777	ES0022000007320578LX1P	123,11	Lg. Forte, 9000 POLIDE	29/08/2015	26/06/15 a 25/08/15
1150810096295	ES0022000007164018CB1P	275,91	Lg. Forte, 9030 A.Público	06/08/2015	01/07/15 a 01/08/15
1150811453972	ES0022000007320551HY1P	-213,33	Lg. Rodiño Grande, 9001 A.Púb.	29/08/2015	29/06/15 a 25/08/15
1150811509283	ES0022000007019787MJ1P	266,33	Lg. Casalpeguito, 9318 A.Púb.	29/08/2015	01/07/15 a 25/08/15
1150911586043	ES0022000004975490HW1P	2,14	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	01/10/2015	27/08/15 a 24/09/15
1150911588099	ES0022000007107334QE1P	55,16	Lg. Rubio, 9796 A. Público	01/10/2015	29/08/15 a 24/09/15
1150911614297	ES0022000007373065RB1P	78,65	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	01/10/2015	29/08/15 a 24/09/15
1150911617555	ES0022000007249769EH1P	66,05	Lg. Vilar, 9924 A.Público	01/10/2015	27/08/15 a 24/09/15
1150911625890	ES0022000007661637JW1P	168,75	Lg. Forte, 9032 A.Público	02/10/2015	01/09/15 a 24/09/15
	TOTAL	689,91			

2. Comunicar a Tesourería que abone o importe de 4.231,77 euros correspondente á diferenza de restarlle á suma do total das facturas recoñecidas (6.384,9 euros) o importe da débeda que ten pendente a empresa subministradora (2.153,13 euros)

3. Comunicarlle este acordo á empresa Gas Natural SUR SDG, SA

5.Modificación dos regulamentos de abastecemento e saneamento

O pleno da corporación na sesión celebrada o 28.04.2014 aprobou o regulamento do servizo municipal de abastecemento, saneamento e verteduras á rede de saneamento. Neste momento, aprobouse en conxunto o regulamento do servizo de abastecemento e saneamento porque ambos servizos eran xestionados pola concesionaria Espina & Delfín.

Posteriormente, o pleno da corporación na sesión celebrada o 11.11.2015 acordou xestionar directamente o servizo de abastecemento de auga, o cal se ven realizando dende o 01.01.2016.

Sen embargo, o servizo de saneamento continuarase prestando pola concesionaria Espina & Delfín, polo que é necesario modificar o regulamento co fin de adaptalo á nova modalidade de xestión directa do servizo de abastecemento.

O señor Canabal di que polo que vimos ao analizar estes dous regulamentos, practicamente a afección máis substancial, é o de que as obrigas do concesionario pasan ao concello, que é quen xestiona directamente o servizo de abastecemento de auga. Temos que dicir que non vimos grandes eivas, aínda que teremos que ver se este regulamento se adapta á nosa realidade.

Porén si hai dous aspectos que queremos chamar a atención:

- O primeiro ten que ver co artigo 7, relativo ás pólizas de abono. Dise nun dos parágrafos que “Farase un contrato dos servizos de abastecemento por cada vivenda, local ou dependencia independentes, aínda que pertencen ao mesmo dono, sexan contiguas, estean ocupadas ou baleiras”. Porén no seguinte parágrafo dise que “nos casos en que estea constituída a comunidade de propietarios con contador xeral único, esta deberá subscribir unha póliza de abono xeral, que deberá incluír unha cota fixa, e/ou un mínimo equivalente ao número de locais e vivendas que poidan ser empregadas de forma independente”. Contrastando ambos parágrafos parece que hai contradición posto que ao propietario individual se lle esixe un contrato individual e ás comunidades de propietarios se lle permite un colectivo.

- O segundo aspecto ten que ver co artigo 47, nos descontos por fugas, aínda que se “perdoa” o tipo de gravame máximo segundo a lectura do artigo, consideramos que en caso de fuga con elementos racionais de proba, se deba exonerar ao abonado o importe desa fuga e facer o cobro en base aos históricos dos recibos.

Despexadas estas dúbidas e achegas, estaremos atentos á aplicación dos dous regulamentos por se puideran, de seguro que si, ser susceptibles de melloras.

Non queremos meternos no segundo caso nas grandes carencias que existen no servizo de saneamento, que son moitas e moi graves, e tentaremos traer algunhas propostas de melloras a este servizo, aínda que xa instamos ao concello a que se estude a posibilidade de xestionar este servizo tamén de forma directa.

Imos pois dar o noso voto afirmativo á aprobación destes dous regulamentos”.

Neste punto, á vista das alegacións efectuadas polo Sr. Canabal, fixéronse as pertinentes comprobacións e resulta o seguinte:

“Primeiro: En canto ó establecido no artigo 7, “pólizas de abono do regulamento de abastecemento”, dicir que realmente non existe contradición entre o contrato dos servizos por cada vivenda, local ou dependencia e o contrato no caso de comunidade de propietarios.

Neste último caso (que estea constituída pola comunidade de propietarios) refírese a casos excepcionais nos que exista unha sola instalación de abastecemento no edificio, polo que só existirá un contador, aínda que cada local deberá aboar a cota fixa e en canto ó subministro, distribuírase o total consumido entre a totalidade dos locais.

Segundo: En canto ó establecido no artigo 47 “Desconto por fugas”, debemos ter en conta o establecido na Lei 9/2010 de Augas de Galicia, no seu artigo 45 establece que constitúe o feito imponible do canon (tributo da Comunidade Autónoma con natureza de imposto) o consumo real ou potencial da auga de calquera procedencia, con calquera finalidade..., e o artigo 48 establece que a base imponible a constitúe o volume real ou potencial de auga utilizada ou consumida en cada mes natural, expresado en m³.

A determinación da base imponible realizarase, con carácter xeral, en réxime de estimación directa, mediante contadores homologados .

O artigo 53 apdo 8, establece que nos casos de fugas de auga e se o volume facturado ten unha consideración desproporcionada en virtude de dita fuga, os tipos de gravame do terceiro e cuarto tramo do consumo indicado nas letras c) e d) do apartado 3 deste mesmo artigo (0,37 €/m³ e 0,42 €/m³) serán os establecidos para o tramo 2 indicado na letra b, (0,29 €/m³)

En consecuencia, o concello debe aboar, en todo caso, o CANON á Comunidade Autónoma, polo que si se exonera do pago de m³ ao usuario, resulta que debe aboar o canon o concello sen previo aboamento polo usuario e no caso de que non se lle aboe á Comunidade Autónoma, esta directamente liquidará o canon ó concello, polo importe total do m³ facturados.

En definitiva, o concello estaría a aboar un canon que non lle corresponde e que si debe aboar o usuario e non procede aboar un canon sen previa facturación dun subministro que realmente existe.

De non aboar o subministro facturado, a Comunidade Autónoma liquidaría o canon polo total subministrado.”

Á vista de todo o cal mantéñense os regulamentos e cos votos a favor dos representantes do PP e da agrupación Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1. Aprobar o regulamento municipal do abastecemento de auga, tal como a continuación se detalla:

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA

CAPITULO I

OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN DE CONDICIÓN DE SERVIZO

Artigo 1. Obxecto do Regulamento.

1. O regulamento ten por obxecto establecer as normas de prestación dos servizos de subministro de auga potable no municipio de Boqueixón, regular as relacións entre o concello e os usuarios, determinando as súas respectivas situacións, dereitos, deberes e obrigacións básicas, así como recoller o ámbito de aplicación de prezos e tarifas, e o réxime de infraccións e sancións.

2. A efectos de simplificación, no presente regulamento denomínase “abonado” ó usuario que teña contratado o servizo de augas. O abonado debe ser titular do dereito de uso da finca, local ou industria.

Denomínase “rede de distribución” ó conxunto de tubaxes cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instalados nas vías públicas a través das cales se subministra auga ás distintas zonas da poboación.

Denomínase “ampliación de rede de distribución” ás extensións ou prolongacións realizadas a partir desta desde un punto xa abastecido ata o lugar de situación doutros inmobles ós se pretende dotar de servizo de auga.

Comprende, así mesmo, este concepto aquelas modificacións que se realizan sobre unha rede existente cando a súa capacidade é notoriamente insuficiente para atender o abastecemento dunha ou varias zonas da poboación.

3. Os servizos a que afecta este regulamento quedarán sometidos permanentemente ó control do Concello de Boqueixón, quen poderá revisar os traballos realizados, en todo momento ou lugar, procurando non entorpecer a prestación dos mesmos.

Artigo 2. Obrigacións do concello.

Corresponde ó concello, cos recursos ó seu alcance:

a) Planificar, proxectar, executar, conservar e explotar as obras e instalacións necesarias para captar, regular, conducir, depurar, almacenar e distribuír auga potable á poboación do Concello de Boqueixón, de acordo coas condicións que se fixan neste regulamento e na lexislación aplicable, utilizando ó efecto os recursos e medios actualmente dispoñibles e os que no futuro resulten das inversións que se realicen, ou lle sexan asignados.

A incorporación ó servizo de obras e instalacións, esixirá a recepción das mesmas polo Concello, calculando previamente as tarifas a percibir polo polo aumento de custos (no caso de que os houbera) que supoñan as novas instalacións.

b) A tramitación e execución de acometidas de subministros de auga a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para seu uso en edificios, locais e recintos situados dentro do área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este regulamento e foran aprobadas pola corporación municipal.

c) Subministrar auga ós usuarios, garantindo a súa potabilidade conforme ás disposicións sanitarias vixentes, ata a chave de rexistro (considerada, con carácter xeral, como inicio da instalación interior do abonado).

d) O concello deberá cubrir, na súa condición de xestor das infraestruturas municipais, a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo unha póliza de seguros axeitada.

e) Dispor dun servizo permanente para recepción de avisos de avarías e para informacións urxentes e aquelas anomalías que poidan producirse relacionadas coa prestación do servizo.

f) Informar ós abonados, sempre que sexa posible e polos medios adecuados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan no subministro como resultado das súas actuacións ou de terceiros.

g) Colaborar coas autoridades e centros de educación para facilitar, sen afectar á explotación, cos abonados e público en xeral poidan coñecer o funcionamento das instalacións.

h) Contestar ás reclamacións que se lle formulen por escrito no prazo regulamentario.

i) Aplicar os prezos e cadros de tarifas correspondentes ós distintos tipos de subministro que, en cada momento, se teñan aprobadas.

Artigo 3. Dereitos do concello.

Ademais dos dereitos que ó concello lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do servizo público, con carácter xeral, terá os seguintes dereitos:

a) Inspeccionar, revisar e informar as instalacións interiores do subministro que, por calquera causa, poidan interferir no funcionamento do servizo.

b) Percibir nas oficinas ou ben por domiciliación bancaria a través das contas dos abonados, o importe das facturacións ou cargos que, debidamente autorizados, corresponda pagar ós abonados e usuarios polas prestacións que se realicen.

Artigo 4. Obrigações do abonado.

Son obrigações do abonado:

a) Todo abonado virá obrigado a aboar puntualmente os cargos que o concello lle formule conforme ós prezos e tarifas aprobados, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios a que fai referencia o presente regulamento.

A obrigatoriedade do pago íntegro dos consumos de auga se considerará extensiva ós casos en que os mesmos se orixinaran por fuga, avaría, ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable ó concello.

b) Os abonados deberán, en interese xeral e no seu propio, comunicar así mesmo ó concello calquera avaría ou perturbación (fugas, perdas de presión, verteduras incontroladas, etc.) que, ó seu xuízo, se produzan na rede de distribución pública ou nas instalacións privadas.

Igualmente, deberán notificar ó concello as manipulacións nas redes ou os usos indebidos de auga que poidan ser causa grave de contaminación ou perigo de accidente para persoas ou bens.

c) Facilitar o libre acceso ás instalacións ou recintos, ós empregados do concello ou persoa autorizada para o desenvolvemento dos traballos relacionados coa realización de lecturas, inspeccións, obras e reparacións.

d) Cando o abonado desexe causar baixa no subministro, estará obrigado a interesar ó concello dita baixa cunha antelación mínima de 48 horas, para poder efectuar a lectura do contador, precintado do mesmo e facturar o consumo correspondente.

e) Cando nunha mesma finca, xunto á auga do servizo municipal, existirá auga doutra procedencia, o abonado virá obrigado a establecer nas instalacións interiores medios axeitados para evitar a entrada desas augas na rede xeral.

O concello non se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións interiores, advertíndose ós abonados da responsabilidade en que poden incorrer, de producirse, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade das augas da traída pública.

f) O abonado, baixo a súa exclusiva responsabilidade, non poderá:

1. Inserir nas tubaxes de abastecemento, sen previa autorización do concello, bombas ou calquera aparato que modifique ou poida afectar ás condicións da rede de distribución no seu entorno e, consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros abonados.

2. Revender ou ceder, incluso a título gratuito, o auga subministrada polo concello.

3. Modificar os accesos ós contadores e aparatos de medida, sen comunicación ó concello.

4. Utilizar o auga do servizo público para fines distintos ós contratados.

5. Manipular as instalacións interiores xerais, nin instalar elementos nelas.

6. Realizar consumos de auga que non sexan controlados polo equipo de medida ou introducir calquera alteración nas instalacións que permitise estes consumos.

7. Ocasionar voluntariamente ou por conduta negligente fugas de auga.

8. Romper ou alterar os precintos de medida.

Artigo 5. Dereitos dos abonados.

Serán dereitos dos abonados:

a) Dispor permanentemente de subministro de auga potable, de acordo coas condicións que figuren no seu contrato, sen outra limitación que as establecidas no presente regulamento e as demais disposicións de aplicación.

b) Ser informado de tódalas cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación ó seu subministro, así como recibir contestación por escrito, no prazo regulamentario previsto, ás consultas formuladas por idéntico procedemento.

Artigo 6. Reclamacións dos abonados.

1. Toda persoa física que, en nome propio ou en representación de terceiros, desexe formular reclamación contra os empregados do concello ou contra o que considere calquera anomalía no funcionamento do mesmo, poderá facelo mediante escrito dirixido ó Concello.

2. Nas reclamacións que poidan formularse sobre o cumprimento das condicións do servizo, o reclamante deberá acreditar a condición de abonado e estar ó día no pago dos recibos correspondentes.

3. As reclamacións que se formulen por danos e prexuízos que se causen polo concello rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a natureza das mesmas e o seu carácter contractual ou extra contractual.

4. As reclamacións faranse dentro das primeiras 48 horas despois de producirse os danos.

CAPITULO II

PÓLIZA DE ABONO, SUBMINISTRO DE AUGA E CONEXIÓN DE VERTEDEURAS

Artigo 7. Pólizas de abono.

Denomínase póliza de abono ó contrato suscrito entre o concello e o abonado, que inclúe os termos e condicións pactados para o subministro de auga.

Para a petición do subministro:

- No caso de vivenda nova o usuario presentará solicitude e xustificante de aboamento da correspondente taxa.

- No caso dunha obra, o peticionario presentará a licenza para a mesma, realizándose un contrato de auga de obra que se terá que dar de baixa unha vez finalizada.

- No caso dunha industria ou comercio o usuario presentará solicitude e xustificante de aboamento da correspondente taxa.

En ningún caso se procederá ó subministro se non están realizados os anteriores requisitos.

Farase un contrato dos servizos de abastecemento por cada vivenda, local ou dependencia independentes, aínda que pertencen ao mesmo dono, sexan contiguas, estean ocupadas ou valeiras.

Nos casos en que estea constituída a comunidade de propietarios con contador xeral único, esta deberá subscribir unha póliza de abono xeral, que deberá incluír unha cota fixa, e/ou un mínimo equivalente ao nº de locais e vivendas que poidan ser utilizadas de forma independente.

Non se subscribirá contrato de subministro a aquel usuario con recibos pendentes de cobro, sexa cal fora a situación do novo subministro solicitado.

Baixo ningún concepto faranse concesións gratuítas, calquera que sexa o carácter e natureza do peticionario, considerándose caducadas as que actualmente poidan existir, de tal modo que non se considerarán “consumos municipais”, os consumos daquelas

dependencias, que sendo municipais, teñan contratada a súa xestión cunha empresa privada.

Todos os acordos anteriores quedarán en suspenso á entrada en vigor do presente regulamento.

O traslado de domicilio e ocupación do mesmo local por persoa distinta á que formalizou o contrato, esixe novo contrato, ou no seu caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran tódolos requisitos deste regulamento.

Non se autorizarán altas nin baixas temporais, excepto no especificado no artigo 10.

Artigo 8. Solicitude de acometida. Utilización do subministro.

1. A solicitude de acometidas ás redes de distribución de auga potable deberá presentarse, para cada finca que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación, debendo cada unha delas satisfacer as condicións previstas neste regulamento.

Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o concello poderá decidir a conveniencia de realizar, a medida que lle sexan solicitadas, máis dunha acometida.

2. Queda expresamente prohibida a utilización dun subministro de auga por outra finca ou propiedade distinta daquela para a que se contratou, aínda cando pertencen ó mesmo dono.

3. Naqueles casos nos que, a xuízo do concello, exista causa xustificada, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible, poderá contratar, a súa costa, acometidas independentes.

4. O concello está autorizado para vixiar as condicións e forma na que os abonados utilizan o servizo de abastecemento.

Artigo 9. Servizo a novas edificacións e novas urbanizacións.

1. As extensións das redes de abastecemento para edificacións novas ou antigas que non o posúan serán a cargo do abonado e pasarán á rede municipal.

2. As instalacións das redes de abastecemento propias de urbanizacións, novas rúas ou polígonos, serán executadas a cargo do promotor, con suxeición ó correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello. A traza destas redes será sempre polos viais públicos.

3. O permiso de acometida de subministro para o polígono ou urbanización, así como para os solares e inmobles radicados nel, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:

- Os esquemas das redes interiores de distribución, así como as demais instalacións relacionadas, deberán ter sido aprobados polo concello do servizo e proxectados por técnico competente, debendo ser executados por conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono, e con cumprimento das normas técnicas previstas a tal fin.

- O concello poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas hidráulicas e ensaios necesarios, co fin de garantir a idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten ós materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

4. En ningún caso estará facultado o promotor ou executor da urbanización para realizar as acometidas de abastecemento nos posibles edificios, soares ou parcelas da mesma, o cal é competencia exclusiva do concello.

5. O enlace das redes interiores coas conducións exteriores que forman a rede pública xestionada polo concello, así como as modificacións ou eventuais reforzos ás mesmas que houberan de efectuarse nelas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo e executaranse sempre polo concello e a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

6. Poderase denegar a solicitude de acometida ou acometidas as súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

a) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire a documentación e requisitos previos para a conexión ás redes públicas.

b) Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros, sen que se acredite a constitución da servidume de paso, inscrita no Rexistro da Propiedade ou non se adquira a franxa de terreo afectada.

c) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa insuficiente para un correcto servizo, e non se instalaran, a cargo do abonado, o grupo de elevación e alxibe correspondentes.

O concello poderá, se o abonado o acepta expresamente, contratar o servizo sen responsabilizarse das deficiencias producidas pola falta de presión, termo este que quedará debidamente reflectido no contrato.

d) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento se considere excesiva para o servizo, e non se instalaran, a cargo do abonado, as medidas de redución de presión axeitadas.

Artigo 10. Tomas de auga provisionais e temporais.

1. Excepcionalmente, o concello poderá conceder acometidas ou tomas de auga con carácter provisional ou temporal para obras.

2. En ningún caso se utilizará para vivendas e locais a auga subministrada para unha acometida de obra. Ó finalizar as obras, o construtor ou promotor comunicará este feito ó concello e quedará clausurada automaticamente esta acometida, rexéndose o subministro polas condicións xerais establecidas.

3. Ata a sinatura das pólizas definitivas do servizo, manterase en vigor a póliza do servizo provisional para obra, sendo o construtor ou solicitante autorizado o responsable de aboar toda a auga consumida, que se lle facturará á tarifa de obra, independentemente do uso que houbera tido.

Artigo 11. Contratante e titular do contrato.

1. O contratante do subministro será o titular ou titulares da finca, local ou industria a abastecer, ou quen o represente legalmente, a salvo das excepcións que se detallan neste artigo. Os dous servizos serán dados de alta a nome da mesma persoa.

No seu caso, o contratante poderá ser o inquilino, con autorización bastante da propiedade. Esta autorización implicará a asunción, por parte do propietario, das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ó concello, no caso de incumprimento do contrato de subministro por parte do inquilino.

2. Non poderá ser abonado do subministro de auga quen, habendo sido con anterioridade para outra finca, local ou industria, fora penalizado con suspensión de

subministro ou resolución do contrato por falta de pago ou medida regulamentaria, a non ser que satisfaga integramente as súas anteriores obrigacións, cos recargas, intereses e gastos que houbera lugar.

3. Toda acometida destinarase exclusivamente ós usos para os que houbera sido solicitada e concedida, debendo comunicar o abonado previamente ao concello calquera modificación, solicitando a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.

4. Nos casos de cambio de titularidade da finca, local ou industria abastecidos, e cando sexa o propietario o abonado titular do contrato de subministro, ambos deberán comunicar fidedignamente, dentro do prazo dun mes, o cambio habido, co fin de proceder a formalizar un novo contrato de subministro a nome do novo titular.

5. Nos casos nos que os titulares do contrato de subministro foran os inquilinos, o novo inquilino deberá substituír a autorización do propietario a que se fai referencia no apartado primeiro deste artigo, por outra similar o seu nome.

Se houbera modificación de propiedade da finca, local ou industria sen cambio de titularidade do contrato de subministro, o novo propietario entenderase inescusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior propietario en relación cos incumprimentos do contrato e resarcimento de danos que puideran causar ó concello os inquilinos do inmovible, cando non os houberan asumido estes.

6. Nos casos en que o solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios, só poderá contratar os mesmos o seu representante legal, debidamente acreditado.

7. Nos casos en que se soliciten os servizos para execución de obras, o contratante deberá ser o titular da licenza municipal.

Artigo 12. Altas e baixas no servizo.

Toda alta no servizo será obxecto de solicitude do interesado, e subscrición da correspondente póliza na que se fará constar as características do subministro e que producirá efectos económicos dentro do trimestre no que comece o disfrute do servizo e coa facturación correspondente ó trimestre completo.

No caso de contadores colectivos, cada unha das vivendas ou locais subministrados a través dese contador abonará a cota de “Alta de Contrato” e “Fianza” especificadas na ordenanza fiscal correspondente.

Cada vez que se produza unha alta pagaranse as taxas municipais de acordo co establecido na ordenanza fiscal.

As baixas solicitaranse polo titular do contrato subscribindo a correspondente solicitude, e previa comprobación e pago dos recibos pendentes do trimestre no que se solicita a baixa, pasarase orde para corte de subministro e precintado da chave de paso.

Artigo 13. Tipos de subministros.

A prestación do servizo clasificarase segundo o especificado na ordenanza fiscal polos tipos de tarifas, pero como norma xeral será:

1. Usos domésticos. Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal.

Aplicarase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo.

2. Usos comerciais. Son aqueles nos que a auga se utiliza para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos.

3. Usos industriais. Son aqueles nos que a auga constitúe un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción.

Aplicarase esta modalidade a todos os locais ou establecementos nos que se desempeñe unha actividade industrial, así como a centros de ensinanza, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda.

Terán tamén a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises que realizará o servizo municipal ou os laboratorios autorizados ó efecto, se determinará unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerá o actuante.

4. Usos municipais. Son aqueles que corresponden ós edificios e instalacións municipais.

O concello instalará contadores en todos e cada un dos puntos de subministro que lle afecten, calculándose polos servizos técnicos do concello os consumos municipais onde, polas características de ditos puntos, non poida instalarse un contador.

Non se considerarán consumos municipais, os das dependencias que sendo municipais teñan contratada a súa xestión a unha empresa privada.

5. Uso para obras. Son aqueles nos que a auga se usa na construción.

6. Usos especiais. Considéranse subministros especiais aqueles non incluídos nas modalidades anteriores.

Artigo 14. Causas de suspensión do subministro.

1. Para a suspensión do servizo de abastecemento a un abonado, o concello deberá seguir o procedemento legal previsto ó efecto.

A utilización inadecuada por parte dun abonado do servizo ocasionará a suspensión do servizo de abastecemento, como medida complementaria.

2. O concello poderá suspender o servizo de abastecemento a un abonado nos seguintes casos:

a) Se tivese pendentes de pago un ou máis recibos correspondentes ó importe do servizo conforme ó estipulado na ordenanza fiscal.

b) Por falta de pago, das cantidades resultantes de liquidacións en firme de fraude, ou no caso probado de reincidencia no mesmo.

c) En tódolos casos en que o abonado empregue a auga que se lle subministre, en forma ou para usos distintos dos contratados.

d) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministro de auga a outros locais ou vivendas diferentes á consignada na súa póliza de servizo.

e) Cando o abonado non teña instalado contador (ou se atope avariado e non proceda á substitución do mesmo a pesar da comunicación do servizo) para control do consumo de auga.

f) Cando o abonado manipule o equipo de medida falseando desa forma as medicións do consumo realizado.

g) Cando o abonado non permita a entrada no local a que afecta a póliza de servizo, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ó persoal que, autorizado polo concello e provisto da súa correspondente documentación acreditativa, trate de revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, que se faga constar a negativa ante testemuñas, ou en presenza dalgún axente da autoridade.

h) Por negligencia do abonado respecto á reparación de avarías nas súas instalacións, que poidan causar danos ás redes, á vía pública ou a terceiros.

i) No caso de que o abonado utilice a auga para rego de hortas, cultivos ou zonas verdes en terreos anexos á vivenda habitual, cando por causas excepcionais, o alcalde prohiba os consumos para estes usos, e así o dispoña mediante bando.

3. Os gastos orixinados para o restablecemento serán por conta do abonado, que non recuperará o servizo ata que proceda ó seu pago.

Artigo 15. Reservas de auga.

1. O concello poderá establecer as condicións e prioridades no uso de auga potable no suposto de restricións por seca, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento ou distribución da auga, utilizando o seu mellor criterio para reducir o dano á poboación afectada, e comunicando as medidas adoptadas ás autoridades competentes, e a poboación a través dos medios de difusión máis axeitados

2. Os abonados que prevean utilizar a auga para alimentar aparatos ou instalacións que poidan verse danados como consecuencia dunha interrupción ou diminución de presión en subministro, en todos os locais nos que se desenvolve calquera tipo de actividade no que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade de persoas e bens, e, especialmente, en centros hospitalarios, almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais deberán dispor de depósitos de reserva con capacidade suficiente, e adoptar, en xeral, as medidas necesarias para garantir a continuidade do servizo, sen prexuízo do que establezan as regulacións específicas de cada sector.

Igualmente, as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos, deberán dispor de depósitos de reserva, de forma que quede asegurado o seu autoabastecemento mínimo durante ó menos 24 horas.

O prestador do servizo quedará exonerado de responsabilidade civil nestes casos, que polas súas características especiais deberán proverse de medios de reserva.

3. O concello non será responsable dos danos que poida ocasionar unha eventual falta de subministro motivada por avarías ou pola normal manipulación da rede.

Artigo 16. Depósitos e grupos de presión particulares.

1. En todos os edificios, nos que a presión da rede no punto de acometida poida ser insuficiente para o correcto abastecemento, o abonado estará obrigado á instalación dun grupo elevador e depósito que garantan o abastecemento regular a todas as vivendas ou locais da finca.

2. Como medida de hixiene e control, recoméndase que estes depósitos dispoñan dos medios adecuados para a súa fácil e eficaz limpeza periódica. Obrigatoriedade, deberán estar provistos dun rexistro de entrada, desaugue e tubo de ventilación.

O desaugue do depósito de reserva irá conectado á rede de saneamento.

3. Os depósitos de reserva conectaranse obrigatoriedade ó tramo de acometida interior, é dicir, con posterioridade ó emprazamento do contador.

Artigo 17. Avarías en instalacións interiores.

1. Enténdese por instalación interior de abastecemento a comprendida a partir da chave de rexistro de acometida. Quedará excluído o contador como parte da instalación interior.

2. O propietario dun edificio será responsable das avarías que se produzan na instalación interior e realizará, ao seu cargo, coa maior rapidez que lle sexa posible e, en todo caso, dentro dun prazo máximo de cinco días naturais, á reparación das avarías que se presenten a partir da chave de rexistro e antes do contador. Transcorrido dito prazo sen que se reparara a avaría, o concello procederá ó corte de subministro ata que se efectúe a reparación, e inspeccionará a instalación con posterioridade á mesma, antes de reanudar o servizo.

3. Se, a xuízo do concello ou de técnico competente, se determinara que existe perigo grave para a seguridade das persoas por mal estado das instalacións, ou ameaza de danos graves, o concello poderá suspender o subministro de forma inmediata, poñéndoo en coñecemento do interesado. Neste caso, como naqueles outros nos que exista necesidade de acometer a reparación con urxencia, o concello poderá repercutir ó abonado os gastos en que se incorrera, debidamente xustificadas.

Artigo 18. Sistemas contraincendios.

1. A conexión á rede pública de abastecemento das acometidas para sistemas contraincendios esixirá a sinatura dun contrato específico entre o concello e o abonado. Dito contrato terá a mesma tramitación e carácter que os de subministro ordinario e estará, polo tanto, suxeito ás mesmas prescricións reguladas por aqueles. A utilización da rede contra incendios será unicamente con ese fin.

2. As redes interiores de incendio serán sempre independentes das restantes existentes na finca, e non poderá ser conectada derivación algunha para outros usos.

3. Nas instalacións contraincendios instalaranse aparatos medidores de consumo. No caso de utilizar este servizo para outro uso que non sexa o de extinción de incendios, a auga consumida facturarase de acordo coas tarifas vixentes en cada momento.

Artigo 19. Bocas de rega contra incendios.

1. O concello situará, de oficio ou a petición dos abonados e, con cargo ó petionario, as bocas de rega contra incendios que lle sexan solicitadas, de acordo coas instrucións que en cada caso, sinale o concello.

Artigo 20. Subministro temporal para obras de urbanización e actuacións en dominio público.

1. Para a execución de obras de urbanización e daquelas instalacións que se realicen nas rúas, vías públicas ou bens de dominio público, o concello autorizará, a petición da entidade pública ou do contratista adxudicatario da obra, o uso da auga procedente das bocas de rega.

2. Cando o solicitante sexa o contratista da obra ou o propietario da actuación, deberá constituír previamente ante o concello para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, un depósito equivalente ó dobre do valor de reposición da boca de rega. O depósito será devolto ó contratista, unha vez transcorrido o prazo de utilización do subministro, se non se houberan producido danos.

3. O consumo de auga a que se refire o presente artigo será aboado polo contratista, segundo o consumo rexistrado polo contador que o concello houbera instalado a tal efecto.

4. Salvo os casos previstos nos anteriores números deste artigo, a utilización das bocas de rega, só estará permitida ós servizos públicos de extinción de incendios e a outros

servizos municipais, calquera que sexa a forma de xestión, quedando exentos de pago os consumos que se produzan pola utilización daquelas.

CAPITULO III

SERVIZO DE ABASTECIMIENTO

1.- ACOMETIDAS

Artigo 21. Acometidas de abastecemento.

- a) Denomínase rede de distribución de auga potable ó conxunto de tubaxes, cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instalado en rúas, prazas, camiños e demais vías públicas para distribuír auga á poboación.
- b) Enténdese por acometida de abastecemento, o ramal que, partindo dunha tubaxes de distribución, conduza a auga ó pé do edificio ou ó límite da propiedade que se desexa abastecer. Esta acometida comprende desde o collarín de toma na tubaxe xeral, ata a chave de rexistro situada nunha arqueta de rexistro, ó pé da edificación ou límite da propiedade. Estará formada por unha tubaxe única de características específicas segundo o caudal e presión de auga a subministrar.
- c) Como norma xeral, non se concederán ailladamente acometidas de subministro de auga potable, tramitándose simultaneamente ambas solicitudes. As obras correspondentes executaranse, na medida do posible, ó mesmo tempo, sempre que exista rede de auga e colectores en servizo.

Artigo 22. Características da acometida.

A determinación das características das novas acometidas ou da ampliación do servizo dun inmovible e a súa instalación, serán sempre competencia exclusiva do servizo de augas, quen realizará os traballos correspondentes a cargo do petionario, segundo os prezos aprobados polo concello. Así mesmo o servizo determinará as modificacións, que na rede existente, deberán efectuarse como consecuencia da petición, e que tamén satisfará o petionario, entendéndose que esta modificación pertence, a tódolos efectos, ó patrimonio municipal. Caso de non aboar o solicitante esta modificación non se procederá ó subministro.

Toda persoa que desexe acometida de abastecemento de auga potable, fará unha solicitude no concello o cal a remitirá ó servizo municipal de augas, que realizará un informe das condicións necesarias para a conexión e o entregará no concello para que procedan o seu estudio e aprobación, si o consideran oportuno.

A aprobación por parte do concello será trámite indispensable para proceder á conexión á rede municipal, así como un orzamento, segundo tarifa vixente, do custo de ditas acometidas, que satisfará o solicitante antes de dar comezo as obras.

Artigo 23. Subministro a unha urbanización.

No caso de solicitude de subministro a unha urbanización privada, poderá facerse de dous modos distintos :

- Se os propietarios da urbanización desexan que a rede xeral interior siga sendo privada, co consentimento do concello instalaráselle un contador xeral no límite da rede municipal e facturaráselle a nome da comunidade o importe da lectura total do mesmo,

con tantos mínimos e/ou cotas de servizo e mantemento como vivendas e puntos de consumo comunitario existan no interior da urbanización.

Neste caso, tódalas avarías que se produzan a partir do contador xeral serán por conta da comunidade.

- Se queren instalar contadores individuais de consumo, terán que ceder a rede xeral que pasará a ser de propiedade municipal, aplicándose a cada vivenda o especificado neste regulamento, e procedéndose por parte do servizo á instalación das acometidas individuais e os contadores correspondentes, así como os dos consumos comunitarios que serán facturados á comunidade.

- Antes da recepción da rede por parte municipal, inspeccionaranse os materiais que a constitúen e efectuaranse as probas de presión e estanqueidade que o concello considere necesarias, con cargo ó promotor ou propietario da urbanización. Se o resultado das probas é satisfactorio procederase á recepción.

Artigo 24. Conservación de acometidas.

Se na ordenanza municipal estivese prevista cota de conservación de acometidas de abastecemento, as reparacións das avarías nas acometidas, que sexan debidas o seu normal uso corresponderán ó servizo de augas con cargo a esta cota, sen que se produza ningún outro cargo ó abonado por este motivo.

Se a avaría fose debida a outras razóns diferentes ás do seu normal uso a reparación ou substitución será realizada polo servizo de augas, e facturarase ó abonado o importe da reparación.

2.- CONTADORES

Artigo 25. Contadores.

1. Os contadores ou medidores de caudais de subministro de auga potable serán dos tipos aprobados e verificados polas Delegacións de Industria ou Organismos competentes.

2. O concello manterá unhas existencias de contadores, adecuadas ás necesidades e caudais de subministro, para a súa venda ós abonados que o soliciten. A venda de ditos contadores realizarase de conformidade coas tarifas aprobadas polo concello.

3.- É obrigación do abonado a conservación en bo estado do aparato de medida e do recinto no que se aloxa, así como do acceso ó mesmo.

4. A reparación ou substitución dos contadores avariados, ó inicio do contrato, será realizada polo concello.

5. Todos os puntos de consumo e de subministro deberán dispor de contadores para controlar os caudais tanto rexistrados como subministrados. O custo da instalación destes contadores correrá a cargo do usuario pertinente.

6. O concello comprometerase a efectuar a instalación do contador nun período non superior ó día laborable posterior ó de contratación.

7. O concello deberá comprometerse a colocar no prazo de seis meses, os contadores ós usuarios que actualmente non o posúen, incluídas as dependencias municipais. Os traballos e elementos necesarios para este fin, serán de conta exclusiva dos abonados.

Artigo 26. Colocación e conservación dos contadores.

1. As operacións de conexión e desconexión dos contadores só poderán executalas os empregados do servizo, prohibíndose a calquera outra persoa facer calquera operación neles. Así mesmo queda prohibido alterar os precintos que como garantía levan colocados os contadores. Se por calquera accidente se rompera un deles, pasarase inmediatamente aviso ó servizo, quen levará a efecto a reposición o antes posible.

O custo de instalación e/ou conexión quedará determinado polo correspondente cadro de prezos.

2. No caso de existencia de cota de conservación de contadores, a substitución ou reparación dos inutilizados ou avariados polo seu normal uso ou antigüidade, corresponderá ó concello con cargo a esta cota. De non existir esta cota os gastos correspondentes serán por conta do abonado.

3. A substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou avariados por outras razóns diferentes ás do seu uso normal (xeadas, actos vandálicos, etc.) será por conta do abonado, en cuxo caso se lle notificará por escrito dándolle un prazo de 7 días para persoarse nas oficinas do concello e abonar o importe correspondente á reparación ou substitución. De non facelo así, procederase ó corte do subministro.

4. O abonado poderá instalar, pola súa conta e para a súa propia administración, cantos contadores divisionarios de consumo estime convenientes.

O concello guiarase, para a facturación de consumos, exclusivamente polos aparatos de medida do servizo, non vindo obrigado a aceptar as reclamacións que se apoién en lecturas dos contadores particulares non conxionados polo concello.

En caso de rescisión de contrato ou de contadores conxionados por persoal distinto ó do servizo municipal de augas, o servizo procederá a retirar o contador do abonado que quedará depositado nas oficinas do servizo, e poderá pasar a recollelo dentro dos tres meses seguintes a súa retirada.

Artigo 27. Contadores individuais e contadores comunitarios.

1. Toda vivenda unifamiliar, piso ou local comercial (independentemente de que sexa destinado a actividades industriais, ó exercicio profesional ou á prestación de calesquera servizos) disporá dun contador individual debidamente verificado pola Delegación de Industria. Non se autorizará a instalación de contadores comunitarios.

2. No caso de que existan comunidades de propietarios ou edificios con contador xeral instalados de antigo, o mínimo de abono obrigatorio e cotas de servizo e/ou mantemento, será o que corresponda á suma de tantos mínimos e cotas como número de vivendas ou locais constitúan a comunidade, incluídos os subministros a servizos propios da mesma. A comunidade de propietarios será a responsable do pago do recibo correspondente.

Neste caso se considerará un número de vivendas ou locais, a efectos de facturación, aqueles que poidan ser utilizadas de forma independente, aínda cando sexan dun mesmo propietario, estean ocupadas ou valeiras.

3. Os subministros existentes, sen contador medidor de caudal ou co contador estragado, estableceráselle un período de 7 días para a instalación de dito aparato, durante o cal se facturará o estimado polo servizo en función das características do subministro, e ó menos o dobre do mínimo marcado pola ordenanza en cada tipo de subministro. Pasado dito período procederase ó expediente de corte de subministro no caso de que sexa abonado ó servizo.

4. Nos casos en que nun mesmo edificio existan distintos tipos de subministro (doméstico, industrial, hostaleiro, etc.) instalaranse contadores independentes para cada un deles, pero se debido a esixencias técnicas, soamente se pode instalar un, o consumo

total tarifárase conforme á tarifa máis alta correspondente ós englobados no contador único.

5. Non se permitirá estender unha mesma concesión a varias fincas ou edificacións, aínda no caso de estar contiguas e pertencer ó mesmo dono.

6. Os contadores estarán colocados nun lugar adecuado, de libre acceso, na planta baixa, cerca da chave de paso instalada fronte á finca de que se trate e sempre no exterior da vivenda. No caso de vivendas colectivas se situaranse nun compartimento ou caixa, mediante o sistema chamado de batería ou similar, de tal forma que o empregado lector do servizo poida libremente anotar as indicacións de todos os contadores nun só acto.

Os contadores situados no interior das vivendas serán trasladados ó exterior ou ó límite da propiedade no prazo máis breve posible.

Artigo 28. Lectura de contadores.

1. O abonado estará obrigado a facilitar o acceso ó contador ó persoal do concello, os cales deberán levar a oportuna identificación.

A lectura dos contadores polo concello deberá facerse no período comprendido entre as nove e as vinte horas.

2. A lectura periódica dos contadores será realizada por empregados do concello, debidamente acreditados. A lectura tomada determinará o consumo do abonado. A lectura e facturación de consumos farase trimestralmente.

3. Cando, por circunstancias alleas á vontade do concello, non fose posible a lectura do contador do abonado, o empregado estará obrigado a deixar constancia da súa visita, depositando na caixa de correos do abonado ou similar, unha tarxeta na que reflectirá esa circunstancia e na que o abonado poderá reflectir a lectura efectuada por el mesmo.

O abonado deberá devolver o impreso de lectura debidamente cumprimentado antes dos seis días seguintes á data de entrega do mesmo polo lector. Os impresos de lectura recibidos polo concello con posterioridade a este prazo poderán ser considerados nulos, realizándose a facturación como se o consumo fose cero nese período, e sen que de lugar a descontos por eses mínimos en facturacións posteriores.

Artigo 29. Comprobación de contaxe do contador.

1. No caso de que un abonado estime que o volume de auga consumido na súa instalación non corresponda ó rexistrado polo seu contador, poderá solicitar a súa revisión ó concello. O abonado deberá depositar a tal efecto a fianza ou tarifa correspondente á comprobación .

2. Si se probara que o funcionamento do contador é correcto, facturarase a comprobación por importe da fianza. Se o funcionamento do contador fora incorrecto, devolverase ó abonado a cantidade depositada como fianza, resultando os gastos de comprobación a cargo do concello.

As tolerancias para verificación de contadores serán as que fixe, en cada caso, o Centro Nacional de Metroloxía ou organismo equivalente.

No caso de comprobación de funcionamento incorrecto, e exclusivamente para aqueles casos nos que o proponente sexa o abonado, o concello procederá a refacer as liquidacións por consumo de auga, corrixidas nos porcentaxes de desviación detectados, correspondentes ós tres meses anteriores ó momento da petición de verificación polo abonado.

3.- Se o abonado non estivese de acordo coa comprobación realizada polo concello poderá solicitar da Delegación de Industria a verificación correspondente e correrán o

seu cargo tódolos gastos que orixine esta, así como os gastos de desmontaxe e montaxe do contador por persoal do concello, no caso de que a verificación dese como resultado que a medición do contador non é correcta.

CAPITULO IV

REXIME ECONÓMICO

1.- FACTURACION, COBRO E INFORMACIÓN

Artigo 30. Facturación

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada abonado concretarase pola diferenza entre as lecturas dos dous períodos consecutivos de facturación. O importe da facturación calcularase de acordo coa ordenanza vixente en cada momento. O concello poderá modificar o tipo de tarifa a aplicar ó usuario, se este usase o auga para fins distintos ós especificados no contrato.

1. Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, a facturación do consumo efectuarase de acordo ó consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior; de non existir referencia, liquidaranse as facturacións de acordo á media aritmética dos seis meses anteriores.
2. Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter a media ó que se alude no parágrafo anterior, facturarase a cota mínima trimestral.
3. A obrigatoriedade do pago considerarase extensiva ós casos no que o consumo se orixinase por fuga, avaría ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, por causas non imputables ó concello.

Artigo 31. Precintado de contadores.

1. É obrigatorio o precinto de Industria en todos os aparatos de medida, en canto que as súas lecturas serven de base para a liquidación das facturacións por consumo de auga. Este precinto oficial garante:
 - a) Que o contador pertence a un sistema aprobado
 - b) Que o seu funcionamento no momento da instalación é correcto.
 - c) Que o seu mecanismo non sufriu modificación externa que puidera alterar o seu bo funcionamento.
2. O abonado nunca poderá manipular o aparato de medida, nin o seu precinto oficial, nin o precintado dos seus racores efectuado polo concello. A súa conexión e precintado de racores será realizado sempre polo persoal do servizo.
3. No caso de que o abonado non tivese instalado o contador, ou este non rexistrase correctamente o consumo correspondente, daráselle un prazo de 72 horas para solicitar e aboar o subministro e instalación do aparato de medida; finalizado ese prazo sen haber subsanado a deficiencia procederase ó corte do subministro.
4. A facturación do servizo de abastecemento dunha vivenda ou local farase nun recibo, a nome do abonado de abastecemento.
5. Nos casos de comunidade de propietarios con contador xeral colectivo, a facturación do servizo farase no recibo de abastecemento e con cargo á comunidade.

Artigo 32. Aboamento dos recibos.

1. O abonado poderá facer efectivo os importes facturados polo concello preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria, con oficina aberta no termo municipal ou, no seu defecto, nas oficinas do concello en días hábiles e en horario de oficina.
2. No caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputables ó abonado, será por conta do mesmo a totalidade dos gastos que se produzan por motivo de dita devolución, incluída a liquidación de intereses de demora correspondentes. Dúas devolucions consecutivas darán lugar á anulación da domiciliación bancaria.
3. Pasado o período voluntario e con dous ou máis recibos pendentes de pago, isto será causa de iniciación do expediente de suspensión de subministro, sen prexuízo que o importe impagado quede incluído no procedemento de prema.
4. Para os casos de morosidade no aboamento dos recibos, o concello autorizará a xestión do corte de subministro. Correrán a cargo do abonado os gastos de dita xestión (elaboración de comunicados, certificado de correos, etc.) si se realizase o pago antes de efectuarse o corte, así como os de reposición de subministro, no caso de que o corte se levase a cabo.
5. No caso de rotura de precintos por parte do abonado, este feito será notificado mediante o expediente correspondente ó concello, e o infractor será penalizado cunha sanción igual ó importe do subministro correspondente a 12 meses polo mínimo de consumo e importe da cota de servizo na tarifa contratada.

Artigo 33. Información ó abonado sobre a facturación.

O abonado poderá obter do concello calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral sobre toda cuestión relacionada co subministro que se xerara nun período de dous anos anteriores á data de presentación da petición correspondente.

Artigo 34. Devolución de ingresos indebidos.

1. O abonado terá dereito a reclamar a devolución de ingresos indebidos do concello. A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida, ou calquera outra causa que provocara o erro.
2. Cando o abonado presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos de reclamación, e se acompañarán á mesma os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que ó caso corresponda.
3. O concello queda obrigado a resolver a reclamación á maior brevidade.
4. Non será atendida ningunha reclamación sobre consumo de auga que non sexa formulada polo abonado ou persoa que lle represente legalmente.

Artigo 35. Baixa no servizo.

Cando o abonado desexe causar baixa no subministro, virá obrigado a aboar tódolos recibos pendentes e o importe total da facturación do trimestre en que cause baixa.

2.- INSPECCIÓN E SANCIONS

Artigo 36. Acta de inspección.

1. A actuación dos inspectores acreditados polo concello reflectirase nun documento que adoptará unha forma de acta, e na que quedarán reflectidos o nome e domicilio do abonado inspeccionado, día e hora da mesma, e os feitos contrastados.

Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregaráselle ó abonado.

2. Os inspectores ó efecto deberán invitar ó abonado, ó persoal dependente do mesmo, familiar ou calquera outra persoa que poida actuar de testemuña a que presencie a inspección e asine a acta, podendo o abonado facer constar, coa súa sinatura, as manifestacións que estime pertinentes. A negativa a facelo non afectará a tramitación e conclusións que se establezan posteriormente. O abonado poderá dirixirse, posteriormente, aínda que dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas, ó concello. Non se tomarán en consideración as manifestacións que non veñan asinadas polo abonado titular ou quen acredite a súa representación.

Artigo 37. Liquidación do fraude.

1. O concello, en posesión da acta, formulará a liquidación do fraude, distinguíndose, a efectos da devolución e as responsabilidades do fraude, os seguintes casos:

a) Que non exista contrato algún para o subministro de auga.

b) Que por calquera procedemento, se manipulara ou alterara o rexistro do contador ou aparato de medida.

c) Que se realizaran derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.

d) Que se utilice a auga para usos distintos dos contratos, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa a aplicar.

2. O concello practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

Caso a. Formularase unha liquidación por fraude, que incluírá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente houbera correspondido ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante o prazo de tres meses.

Caso b. Si se falseasen as indicacións do contador ou aparato de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal do mesmo, tomarase como base para a liquidación da contía do fraude a capacidade de medida do caudal nominal do contador, computándose o tempo a considerar en oito horas diarias e durante un período de tres meses, descontándose os consumos que durante este período de tempo foran abonados polo autor do fraude.

Caso c. Se o fraude se efectuou derivando o caudal antes do aparato do contador, liquidarase como no caso primeiro, e sen facer desconto pola auga medida polo contador.

Caso d. Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase a favor do concello, aplicando ó consumo a diferenza existente entre a tarifa correspondente ó uso real que se está dando á auga, e as que, en dito período, se aplicaron en base ó uso contratado. Dita liquidación farase por un período dun ano.

3. En todos os casos, o importe do fraude deducido estará suxeito ós impostos que lle foran repercutibles.

4. Contra as liquidacións que formule o concello, o abonado poderá formular as reclamacións que considere oportunas, no prazo de quince días a contar desde a notificación de dita liquidación, sen prexuízo das demais accións en que se consideren asistidos.

Artigo 38 – Descontos por fugas

Se no período de facturación se constata a existencia dunha fuga de auga na rede interna de subministración do contribuínte e o volume facturado ten unha consideración desproporcionada en virtude da fuga, os tipos de gravame do terceiro tramo de consumo, serán os establecidos para o segundo tramo, segundo taxa aprobada na ordenanza vixente no seu momento e aplicable para todo tipo de abonados.

A estes efectos, terá a consideración de volume desproporcionado aquel que reúna os seguintes requisitos:

-que o volume facturado sexa superior ao quíntuplo do volume medio dos períodos de facturación inmediatamente anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación.

Cando o abonado doméstico careza dun histórico de consumo anterior de 1 ano debido á súa recente data de alta no servizo, o volume medio de consumo calcularase en función do número de persoas (por defecto consideraranse 3) e tendo en conta unha dotación de 151 litros por persoa/día.

Cando o abonado sexa non doméstico, o volume medio de consumo calcularase por estimación obxectiva por parte do concello.

-Que os técnicos do concello verifiquen que efectivamente o consumo desproporcionado foi debido a unha fuga na instalación interior de abonado e que este procedeu á reparación da devandita fuga no prazo dunha semana desde que se lle comunique o consumo excesivo.

Artigo 39.-

Toda actuación, comportamento ou conduta que incumpra a normativa deste regulamento, dará lugar á imposición de sancións ós infractores, conforme ó previsto neste regulamento e na normativa sectorial aplicable, sen prexuízo e con independencia da esixencia de danos e prexuízos, e das responsabilidades de orde penal que procederan.

Disposicións finais

1. Para o non previsto neste regulamento, estarase ó establecido nas leis e disposicións regulamentarias de carácter xeral ditas sobre a materia.

2. Derróganse cantas disposicións anteriores se opoñan ó preceptuado neste regulamento.

2. Aprobar o regulamento municipal do saneamento tal como se detalla:

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO

CAPITULO I

OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN DE CONDICIÓNS DE SERVIZO

Artigo 1. Obxecto do Regulamento.

1. O regulamento ten por obxecto establecer as normas de prestación do servizo de saneamento no Concello de Boqueixón, regular as relacións entre a empresa e os usuarios, determinando as súas respectivas situacións, dereitos, deberes e obrigacións básicas, así como recoller o ámbito de aplicación de prezos e tarifas, e o réxime de infraccións e sancións.

2. A efectos de simplificación, no presente regulamento denomínase “abonado” ó usuario que teña contratado o servizo de saneamento. O abonado debe ser titular do dereito de uso da finca, local ou industria.

Denomínase “concesionario” ó adxudicatario da xestión do servizo de saneamento de Boqueixón, en virtude do contrato administrativo que rexe a concesión do mesmo.

3. O servizo de saneamento do Concello de Boqueixón seguirá ostentando, en todo momento, a condición de servizo público municipal do Excmo. Concello de Boqueixón.

4. Os servizos a que afecta este regulamento quedarán sometidos permanentemente ó control do Concello de Boqueixón, quen poderá revisar os traballos realizados polo concesionario, en todo momento ou lugar, procurando non entorpecer a prestación dos mesmos.

Artigo 2. Obrigacións do concesionario.

Corresponde ó concesionario, cos recursos o seu alcance:

a) Planificar, proxectar, executar, conservar e explotar as obras e instalacións necesarias para regular, recoller, conducir, separar e depurar as augas residuais para a súa vertedura ás canles públicas, de acordo coas condicións que se fixan neste regulamento e na lexislación aplicable, utilizando ó efecto os recursos e medios actualmente dispoñibles e os que no futuro resulten das inversións que se realicen polo propio concesionario, ou lle sexan asignados.

A incorporación ó servizo de obras e instalacións con posterioridade ó comezo da concesión, esixirá a recepción das mesmas polo concello e a sinatura da acta polo concesionario de adscrición das mesmas ó servizo, calculando previamente a retribución a percibir polo concesionario polo aumento de custos (no caso de que os houbera) que supoñan as novas instalacións.

b) A tramitación e execución de acometidas de saneamento a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para seu uso en edificios, locais e recintos situados dentro do área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este regulamento e foran aprobadas pola corporación municipal.

c) Efectuar a recollida de augas fecais ou residuais desde a arqueta de rexistro situada no límite da propiedade do abonado co dominio público e a súa canalización ata a estación depuradora ou punto de vertedura establecido polo concello.

d) O concesionario deberá cubrir, na súa condición de xestor das infraestruturas municipais, a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo unha póliza de seguros axeitada.

e) Dispor dun servizo permanente para recepción de avisos de avarías e para informacións urxentes e aquelas anomalías que poidan producirse relacionadas coa prestación do servizo.

f) Colaborar coas autoridades e centros de educación para facilitar, sen afectar á explotación, cos abonados e público en xeral poidan coñecer o funcionamento das instalacións.

g) Contestar ás reclamacións que se lle formulen por escrito no prazo regulamentario.

h) Aplicar os prezos e cadros de tarifas correspondentes ós distintos tipos de saneamento que, en cada momento, se teñan aprobadas.

Artigo 3. Dereitos do concesionario.

Ademais dos dereitos que ó concesionario lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do servizo público e das recoñecidas á empresa adxudicataria no contrato concesionario, con carácter xeral, terá os seguintes dereitos:

- a) Inspeccionar, revisar e informar das instalacións interiores do subministro que, por calquera causa, poidan interferir no funcionamento do servizo.
- b) Percibir nas súas oficinas ou ben por domiciliación bancaria a través das contas dos abonados, o importe das facturacións ou cargos que, debidamente autorizados, corresponda pagar ós abonados e usuarios polas prestacións que realizara o concesionario.

Artigo 4. Obrigacións do abonado.

Son obrigacións do abonado:

a) Todo abonado virá obrigado a aboar puntualmente os cargos que o concesionario lle formule conforme ós prezos e tarifas aprobados, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios a que fai referencia o presente regulamento.

A obrigatoriedade do pago íntegro se considerará extensiva ós casos en que os mesmos se orixinaran por fuga, avaría, ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable ó concesionario.

b) Os abonados, deberán comunicar ó concesionario a existencia de obstrucións na rede de saneamento, que produzan ou sexan susceptibles de producir desbordamentos, olores ou calquera tipo de molestias ós cidadáns.

Igualmente, deberán notificar ó concesionario as manipulacións nas redes ou os usos indebidos de auga que poidan ser causa grave de contaminación ou perigo de accidente para persoas ou bens.

c) Facilitar o libre acceso ás instalacións ou recintos, ós empregados da empresa ou persoa autorizada para o desenvolvemento dos traballos relacionados coa realización de lecturas, inspeccións, obras e reparacións.

d) O abonado, baixo a súa exclusiva responsabilidade, non poderá:

1. Modificar os accesos ós contadores e aparatos de medida, sen comunicación ó concesionario.
2. Manipular as instalacións interiores xerais, nin instalar elementos nelas.
3. Romper ou alterar os precintos de medida.

Artigo 5. Dereitos dos abonados.

Terán dereito os abonados a ser informado de tódalas cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación ó seu vertido, así como recibir contestación por escrito, no prazo regulamentario previsto, ás consultas formuladas por idéntico procedemento.

Artigo 6. Reclamacións dos abonados.

1. Toda persoa física que, en nome propio ou en representación de terceiros, desexe formular reclamación contra os empregados do concesionario ou contra o que considere

calquera anomalía no funcionamento do mesmo, poderá facelo mediante escrito dirixido á dirección do servizo de augas ou ó concello.

2. Nas reclamacións que poidan formularse sobre o cumprimento das condicións do servizo, o reclamante deberá acreditar a condición de abonado e estar ó día no pago dos recibos correspondentes.

3. As reclamacións que se formulen por danos e prexuízos que se causen polo concesionario rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a natureza das mesmas e o seu carácter contractual ou extra contractual.

4. As reclamacións faranse dentro das primeiras 48 horas despois de producirse os danos.

CAPITULO II

PÓLIZA DE ABONO E CONEXIÓN DE VERTEDURAS

Artigo 7. Pólizas de abono.

Denomínase póliza de abono ó contrato suscrito entre o concesionario e o abonado, que inclúe os termos e condicións pactados para a prestación do servizo de saneamento.

Para a petición do saneamento:

- No caso de vivenda nova o usuario presentará solicitude e xustificante de aboamento da correspondente taxa.

- No caso dunha obra, o peticionario presentará a licenza para a mesma, realizándose un contrato de obra que se terá que dar de baixa unha vez finalizada, e o xustificante de aboamento da correspondente taxa.

- No caso dunha industria ou comercio o usuario presentará solicitude e xustificante de aboamento da correspondente taxa.

En ningún caso se procederá ó saneamento se non están realizados os anteriores requisitos.

Farase un contrato do servizo de saneamento por cada vivenda, local ou dependencia independentes, aínda que pertencen ao mesmo dono, sexan contiguas, estean ocupadas ou valedoras.

Nos casos en que estea constituída a comunidade de propietarios con contador xeral único, esta deberá subscribir unha póliza de abono xeral, que deberá incluír unha cota fixa, e/ou un mínimo equivalente ao nº de locais e vivendas que poidan ser utilizadas de forma independente.

Non se subscribirá contrato de saneamento a aquel usuario con recibos pendentes de cobro, sexa cal fora a situación do novo saneamento solicitado.

Baixo ningún concepto faranse concesións gratuítas, calquera que sexa o carácter e natureza do peticionario, considerándose caducadas as que actualmente poidan existir, de tal modo que non se considerarán “consumos municipais”, os consumos daquelas dependencias, que sendo municipais, teñan contratada a súa xestión cunha empresa privada.

Todos os acordos anteriores quedarán en suspenso á entrada en vigor do presente regulamento.

O traslado de domicilio e ocupación do mesmo local por persoa distinta á que formalizou o contrato, esixe novo contrato, ou no seu caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran tódolos requisitos deste regulamento.

Non se autorizarán altas nin baixas temporais, excepto no especificado no artigo 10.

Artigo 8. Solicitude de acometida. Utilización do subministro.

1. A solicitude de acometidas ás redes de evacuación de augas residuais deberá presentarse, de forma independente, para cada finca que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación, debendo cada unha delas satisfacer por separado as condicións previstas neste regulamento.

Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o concesionario poderá decidir a conveniencia de realizar, a medida que lle sexan solicitadas, máis dunha acometida.

2. Queda expresamente prohibida a utilización dun colector de verteduras por outra finca ou propiedade distinta daquela para a que se contratou, aínda cando pertencen ó mesmo dono.

3. Naqueles casos nos que, a xuízo do concesionario, exista causa xustificada, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible, poderá contratar, a súa costa, acometidas independentes.

4. O concesionario está autorizado para vixiar as condicións e forma na que os abonados utilizan o servizo de saneamento.

Artigo 9. Servizo a novas edificacións e novas urbanizacións.

1. As extensións das redes de saneamento para edificacións novas ou antigas que non o posúan serán a cargo do abonado e pasarán á rede municipal.

2. As instalacións das redes de saneamento propias de urbanizacións, novas rúas ou polígonos, serán executadas a cargo do promotor, con suxeición ó correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo concello, e previo informe favorable do concesionario. A traza destas redes será sempre polos viais públicos.

3. O permiso de acometida de saneamento para o polígono ou urbanización, así como para os solares e inmobles radicados nel, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:

- Os esquemas das redes de saneamento, así como as demais instalacións relacionadas, deberán ter sido aprobados polo concesionario do servizo e proxectados por técnico competente, debendo ser executados por conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono, e con cumprimento das normas técnicas do concesionario ou que prevera, a tales fins, o propio concello.

- O concesionario poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas hidráulicas, ensaios necesarios ou inspección por cámara robotizada, co fin de garantir a idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten ós materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

4. En ningún caso estará facultado o promotor ou executor da urbanización para realizar as acometidas de saneamento nos posibles edificios, soares ou parcelas da mesma, o cal é competencia exclusiva do concesionario.

5. O enlace das redes interiores coas conducións exteriores que forman a rede pública xestionada polo concesionario, así como as modificacións ou eventuais reforzos ás mesmas que houberan de efectuarse nelas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo e executaranse sempre polo concesionario e a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

6. Unha vez finalizadas as instalacións, serán verificadas polo concesionario, e informará ó concello no que lle afecte para a aceptación da propiedade das instalacións, as súas servidumes de paso e usos da urbanización que pasen a dominio público, asumindo a xestión e mantemento do servizo de saneamento, unha vez que lle sexa ordenado polo concello.

7. Poderase denegar a solicitude de acometida ou acometidas as súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

a) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire a documentación e requisitos previos para a conexión ás redes públicas.

b) Cando a cota de vertido do inmovible para o que solicita a acometida da rede de saneamento sexa inferior á da rede de condución xeral correspondente, salvo que o propietario instale e manteña, a súa costa, o sistema de bombeo adecuado.

c) Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros, sen que se acredite a constitución da servidume de paso, inscrita no Rexistro da Propiedade ou non se adquira a franxa de terreo afectada.

Artigo 10. Contratante e titular do contrato.

1. O contratante do saneamento será o titular ou titulares da finca, local ou industria a abastecer, ou quen o represente legalmente, a salvo das excepcións que se detallan neste artigo. O servizo será dado de alta a nome da persoa.

No seu caso, o contratante poderá ser o inquilino, con autorización bastante da propiedade. Esta autorización implicará a asunción, por parte do propietario, das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ó concesionario, no caso de incumprimento do contrato de saneamento por parte do inquilino.

2. Non poderá ser abonado do saneamento quen, habendo sido con anterioridade para outra finca, local ou industria, fora penalizado con suspensión ou resolución do contrato por falta de pago ou medida regulamentaria, a non ser que satisfaga integramente as súas anteriores obrigacións, cos recargas, intereses e gastos que houbera lugar.

3. Toda acometida destinarase exclusivamente ós usos para os que houbera sido solicitada e concedida, debendo comunicar o abonado previamente ao concesionario calquera modificación, solicitando a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.

4. Nos casos de cambio de titularidade da finca, local ou industria abastecidos, e cando sexa o propietario o abonado titular do contrato, ambos deberán comunicar fidedignamente, dentro do prazo dun mes, o cambio habido, co fin de proceder a formalizar un novo contrato a nome do novo titular.

5. Se houbera modificación de propiedade da finca, local ou industria sen cambio de titularidade do contrato de saneamento, o novo propietario entenderase inescusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior propietario en relación cos incumprimentos do contrato e resarcimento de danos que puideran causar ó concesionario os inquilinos do inmovible, cando non os houberan asumido estes.

6. Nos casos en que o solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios, só poderá contratar os mesmos o seu representante legal, debidamente acreditado.

7. Nos casos en que se soliciten os servizos para execución de obras, o contratante deberá ser o titular da licenza municipal.

Artigo 11. Altas no servizo.

Toda alta no servizo será obxecto de solicitude do interesado, e subscripción da correspondente póliza na que se fará constar as características do subministro e que producirá efectos económicos dentro do trimestre no que comece o disfrute do servizo e coa facturación correspondente ó trimestre completo.

No caso de contadores colectivos, cada unha das vivendas ou locais subministrados a través dese contador abonará a cota de “Alta de Contrato” e “Fianza” especificadas na ordenanza fiscal correspondente.

Cada vez que se produza unha alta se pagarán as taxas municipais de acordo co establecido na ordenanza fiscal.

Os cambios de titularidade solicitaranse polo titular do contrato subscribindo a correspondente solicitude, e previa comprobación e pago dos recibos pendentes do trimestre no que se solicita a baixa.

Artigo 12. Tipos de subministros.

A prestación do servizo clasificarase segundo o especificado na ordenanza fiscal polos tipos de tarifas, pero como norma xeral será:

1. Usos domésticos. Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal.

Aplicarase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo.

2. Usos comerciais. Son aqueles nos que a auga se utiliza para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos.

3. Usos industriais. Son aqueles nos que a auga constitúe un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción.

Aplicarase esta modalidade a tódolos locais ou establecementos nos que se desempeña unha actividade industrial, así como a centros de ensinanza, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda.

Terán tamén a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises que realizará o servizo municipal ou os laboratorios autorizados ó efecto, se determinará unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerá o actuante.

4. Usos municipais. Son aqueles que corresponden ós edificios e instalacións municipais.

Non se considerarán consumos municipais, os das dependencias que sendo municipais teñan contratada a súa xestión a unha empresa privada.

5. Uso para obras. Son aqueles nos que a auga se usa na construción.

6. Usos especiais. Considéranse subministros especiais aqueles non incluídos nas modalidades anteriores.

Artigo 13.- O concello colaborará na recadación das débedas por vía de prema unha vez esgotado o período voluntario de pago, previa solicitude por parte do concesionario.

CAPITULO III

SERVIZO DE SANEAMENTO

Artigo 14. Servizos a realizar.

Denomínase rede de saneamento ó conxunto de colectores e rexistros, con todos os elementos de bombeo, control e accesorios, instalados en rúas, prazas, camiños e demais vías públicas, que serven para a evacuación das augas residuais ata a canle pública ou as estacións depuradoras.

- a) A execución das instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes e acometidas de saneamento.
- b) A limpeza da rede xeral de sumidoiros, levando os residuos ás instalacións municipais previstas e autorizadas para tal fin.
- c) De forma transitoria, a limpeza, nos casos en que sexa posible cos medios mecánicos do servizo e sempre a costa do usuario, das fosas sépticas particulares, ata en tanto a rede pública de saneamento non cubra a totalidade do municipio.
- d) O tratamento, cos medios e infraestruturas postos a disposición polo Concello ou, no seu caso, polas entidades públicas correspondentes, das augas residuais con anterioridade a súa vertedura ás canles públicas.

Artigo 15. Acometidas de saneamento.

a) Enténdese por acometida de saneamento a tubaría de condución das augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se estende desde a arqueta de rexistro situada no borde da finca ou propiedade pública ou privada ata o pozo de saneamento ó que está conectado.

Nas instalacións onde puidera faltar o pozo de rexistro, entenderase que a acometida termina, excepcionalmente, no colector xeral.

As instalacións que non se axusten a estas normas serán obrigados a adaptarse ante calquera modificación ou reparación nas acometidas. O custo correspondente será a cargo do abonado.

A efectos das obrigacións do concesionario, este deberá realizar o seu cargo exclusivamente a limpeza da rede xeral de saneamento ó que estea conectada a acometida. Os custos de mantemento, substitución e reparación da acometida de saneamento do abonado serán a cargo do mesmo.

b). As acometidas de saneamento serán realizadas exclusivamente polo concesionario, e comprenden desde a arqueta de rexistro situada no límite da propiedade do abonado ata o seu entronque no pozo de saneamento ou no colector xeral.

Serán a cargo do abonado conforme ó orzamento presentado ó construtor, propietario ou abonado interesado, e segundo o cadro de prezos autorizado polo concello.

c). As acometidas de saneamento que, pola súa antigüidade e mal estado, non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade, suporán a realización polo concesionario dun orzamento que será presentado ó abonado para proceder ó cambio de acometida.

Se o abonado non se fixera cargo deste presuposto, o concesionario quedará eximido de toda responsabilidade fronte ós eventuais efectos de mal funcionamento da acometida de saneamento, que serán de conta exclusiva do abonado.

d). As conexións de saneamento que non dispoñan de arqueta de rexistro, terán que instalala de forma inmediata. En caso de non facelo, o concesionario quedará eximido de toda responsabilidade fronte aos eventuais efectos do mal funcionamento da acometida, de saneamento pola imposibilidade de acceder a acometida para establecer se o problema é anterior ou posterior á arqueta de rexistro e proceder aos traballos correspondentes. Os danos ocasionados serán de conta exclusiva do subscritor.

e). Independentemente da existencia ou non de rede separativa, as novas edificacións deberán contar con acometidas separadas para fecais e pluviais. Do mesmo xeito, no caso de edificios xa existentes, que sexan obxecto de obras de reconstrución, rehabilitación, consolidación ou gran reparación, deberán facer acometidas de fecais e pluviais.

Artigo 16. Execución de acometidas de saneamento

1. A sección das conducións, tipo de rexistros, arquetas e demais características da acometida rexeranse, polo demais, segundo as normas municipais de aplicación e as disposicións de planificación urbanística correspondente.

2.- As obras de construción e instalación dos colectores e acometidas de saneamento axustaranse nas súas características ás condicións e prescricións técnicas establecidas nas ordenanzas municipais de edificación, e ó disposto no PXOM.

3.- Toda acometida da rede de sumidoiros deberá dispor dunha arqueta de rexistro no límite da propiedade do abonado.

4.- A limpeza das acometidas de saneamento, será executada polo abonado; no caso de realizala o concesionario, percibirá do abonado o importe debidamente facturado por dita limpeza como contraprestación.

5. Para proceder á execución da acometida de saneamento, o propietario do inmovible ou, no seu caso, o abonado deberá depositar previamente ó comezo das obras o importe íntegro do orzamento que, conforme ó cadro de prezos aprobado polo concello, realizara o concesionario.

Artigo 17. Modificación de acometidas de saneamento por variación das condicións iniciais de solicitude.

1. Cando con ocasión da reforma, ampliación ou reparación dun edificio ou nave industrial, se incremente o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varíen as condicións de vertedura, o propietario ou promotor estará obrigado a solicitar do concesionario as novas acometidas, en caso necesario, e a modificación das pólizas de servizo, a que se houbera dado lugar. As novas acometidas executaranse polo concesionario con cargo ó propietario ou abonado, e axustaranse ás normas e procedementos que se recollen neste regulamento.

2. No caso de que se descubriera, polos servizos técnicos do concello ou do concesionario, a realización de obras de saneamento non comunicadas ó servizo, levantarase acta deste feito, proponendo o concesionario ó concello a actuación que corresponda.

A execución de obras de saneamento que supoñan a utilización non autorizada dos servizos regulados neste regulamento, tanto directa como indirectamente, e a ocultación de datos das acometidas, poderá motivar a inmediata suspensión do servizo e o cargo polo concesionario ó abonado ou usuario, dun ano de utilización do servizo ás tarifas vixentes.

Artigo 18. Conexión á rede de sumidoiros e mantemento de fosas sépticas particulares.

1.- A autorización para a vertedura das augas residuais será aprobada polo concello. Está prohibida a vertedura á rede pública de saneamento das augas residuais daqueles que non sexan abonados do servizo.

2. Os abonados ó servizo de augas deberán obrigatoriamente conectarse á rede de saneamento cando as súas vivendas ou instalacións se atopen a menos de CINCOENTA METROS da rede pública, e quedarán obrigatoriamente fora de servizo todas aquelas fosas sépticas que se atopen a esa distancia da rede pública de saneamento.

Para elo, solicitarán a acometida correspondente, que se realizará a costa do abonado, salvo que se prevean formas de financiamento diferentes por parte do concello.

3.- Os edificios fronte ós que exista rede de colectores pública, verterán a esta directamente as augas residuais a través da correspondente acometida, sen atravesar propiedades de terceiros.

4. Nos casos de existencia de fosas sépticas particulares, é responsabilidade dos propietarios, a execución das obras necesarias para o seu correcto funcionamento e o seu mantemento.

Artigo 19. Instalación interior e bombeos particulares de augas residuais.

1.- As instalacións interiores de desaugadoiro dun edificio que se localicen a cota inferior á rasante da rúa, deberán ser completamente estancas á presión de 1 kg./cm²

2. Naqueles casos nos que os desaugadoiro dun edificio se atopen a cota inferior á do colector da rúa, o propietario ou propietarios instalarán o seu cargo a infraestrutura e equipo de bombeo necesario para efectuar a vertedura á rede pública, sendo pola súa conta a conservación e posterior mantemento da citada infraestrutura.

Artigo 20. Colectores en propiedades particulares.

1. O concesionario non asume responsabilidade algunha polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza en propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento de conducións que discorran por terreos excluídos do viario público.

2. No caso de que os servizos de sanidade do concello ou das entidades públicas que correspondan, e por existir risco grave para a saúde pública, previo informe técnico sanitario en tal sentido, decidisen a necesidade de executar obras de saneamento en terreos non públicos, ou labores de limpeza e desatascamento en dominios privados, a corporación municipal poderá ordenar ó concesionario a execución deses traballos sendo o custo dos mesmos a cargo do concello.

Artigo 21. Conexións provisionais e temporais.

1. Nos casos nos que se concedan acometidas ou tomas de auga provisionais para obras, o concesionario indicará ó construtor ou solicitante, cando fora necesario, o punto autorizado para a vertedura de augas residuais.

2. O construtor e os usuarios desa acometida provisional absteranse de verter materia algunha que, por si mesma ou en reacción co auga, poida provocar atascos ou danos na condución de saneamento, sendo responsables dos danos en que puideran incurrir.

3. A autorización de verteduras, conexións provisionais á rede de sumidoiros e utilización puntual da rede de saneamento pública será solicitada ó concesionario e aprobada polo Concello, consignándose os datos necesarios para identificación das verteduras que se pretendan.

4. O concesionario aplicará os prezos que correspondan, deducidos da tarifa de saneamento aprobada.

Artigo 22. Baixas no servizo de saneamento.

As autorizacións de verteduras á rede de saneamento quedarán sen efecto no seguinte caso:

Por decisión das autoridades, como consecuencia de resolución xudicial ou administrativa, a proposta ou non do concesionario por infracción dos artigos do presente regulamento.

CAPITULO IV

REXIME ECONÓMICO

1.- FACTURACION, COBRO E INFORMACIÓN

Artigo 23. Facturación

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada abonado concretarase pola diferenza entre as lecturas dos dous períodos consecutivos de facturación. O importe da facturación calcularase de acordo coa ordenanza vixente en cada momento. Por este motivo, o concesionario presentará antes do 30 de setembro de cada ano, as tarifas e o cadro de prezos que se vaian aplicar no ano seguinte, ao obxecto de aprobación, en tempo e forma, polo concello, e poidan aplicarse a partires do 1 de xaneiro seguinte.

O concesionario poderá modificar o tipo de tarifa a aplicar ó usuario, se este usase o auga para fins distintos ós especificados no contrato.

1. Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, a facturación do consumo efectuarase de acordo ó consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior; de non existir referencia, liquidaranse as facturacións de acordo á media aritmética dos seis meses anteriores.

2. Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter a media ó que se alude no parágrafo anterior, facturarase a cota mínima trimestral.

3. A obrigatoriedade do pago considerarase extensiva ós casos no que o consumo se orixinase por fuga, avaría ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, por causas non imputables á empresa concesionaria.

Artigo 24. Vertedura de augas de orixe distinto á rede de abastecemento municipal.

1. Naqueles casos en que as vivendas, locais comerciais e edificios industriais utilicen auga doutras procedencias, exclusivamente ou xunto coa da rede pública de abastecemento, e vertan as súas augas residuais á rede pública de saneamento, o abonado instalará ó seu cargo os aparatos de medición adecuados que servirán de base para a facturación.

2. Non se poderán verter á rede de saneamento as augas non residuais que se recollan nos baixos e sotos dos edificios e provenientes de mananciais ou filtracións do terreo. No caso de que fora autorizada dita vertedura por non haber outra posibilidade, o responsable da mesma virá obrigado a abonar unha cantidade mensual calculada de acordo cos gastos ocasionados no bombeo e depuración polo caudal vertido.

Artigo 25. Lectura de contadores.

1. O abonado estará obrigado a facilitar o acceso ó contador ó persoal do concesionario, os cales deberán levar a oportuna identificación.

A lectura dos contadores polo concello deberá facerse no período comprendido entre as nove e as vinte horas.

2. A lectura periódica dos contadores será realizada por empregados do concesionario, debidamente acreditados. A lectura tomada determinará o consumo do abonado. A lectura e facturación de consumos farase trimestralmente.

3. Cando, por circunstancias alleas á vontade do concesionario, non fose posible a lectura do contador do abonado, o empregado estará obrigado a deixar constancia da súa visita, depositando na caixa de correos do abonado ou similar, unha tarxeta na que reflectirá esa circunstancia e na que o abonado poderá reflectir a lectura efectuada por el mesmo.

O abonado deberá devolver o impreso de lectura debidamente cumprimentado antes dos seis días seguintes á data de entrega do mesmo polo lector. Os impresos de lectura recibidos polo concesionario con posterioridade a este prazo poderán ser considerados nulos, realizándose a facturación como se o consumo fose cero nese período, e sen que de lugar a descontos por eses mínimos en facturacións posteriores.

Artigo 26. Aboamento dos recibos.

1. O abonado poderá facer efectivo os importes facturados polo concesionario preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria, no seu defecto, nas oficinas do concesionario en días hábiles e en horario de oficina.

2. No caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputables ó abonado, será por conta do mesmo a totalidade dos gastos que se produzan por motivo de dita devolución, incluída a liquidación de intereses de demora correspondentes.

Dúas devolucións consecutivas darán lugar á anulación da domiciliación bancaria.

3. Pasado o período voluntario e con dous ou máis recibos pendentes de pago, isto será causa de iniciación do expediente reclamación de débeda por vía de prema por parte do concello a petición do concesionario

Artigo 27. Información ó abonado sobre a facturación.

O abonado poderá obter do concesionario calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral sobre toda cuestión relacionada co subministro que se xerará nun período de dous anos anteriores á data de presentación da petición correspondente.

O concesionario disporá dunha oficina de información ó público dentro do casco urbano, a efectos de información e reclamacións.

Artigo 28. Devolución de ingresos indebidos.

1. O abonado terá dereito a reclamar a devolución de ingresos indebidos do concesionario. A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida, ou calquera outra causa que provocara o erro.

2. Cando o abonado presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos de

reclamación, e se acompañarán á mesma os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que ó caso corresponda.

3. O concesionario queda obrigado a resolver a reclamación á maior brevidade.

4. Non será atendida ningunha reclamación que non sexa formulada polo abonado ou persoa que lle represente legalmente.

Artigo 29. Cambios de titularidade.

Cando o abonado desexe cambiar a titularidade, virá obrigado a aboar tódolos recibos pendentes e o importe total da facturación do trimestre en que cause baixa.

2.- INSPECCIÓN E SANCIONES

Artigo 30. Acta de inspección.

1. A actuación dos inspectores acreditados polo concesionario reflectirase nun documento que adoptará unha forma de acta, e na que quedarán reflectidos o nome e domicilio do abonado inspeccionado, día e hora da mesma, e os feitos contrastados.

Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregaráselle ó abonado.

2. Os inspectores ó efecto deberán invitar ó abonado, ó persoal dependente do mesmo, familiar ou calquera outra persoa que poida actuar de testemuña a que presencie a inspección e asine a acta, podendo o abonado facer constar, coa súa sinatura, as manifestacións que estime pertinentes. A negativa a facelo non afectará a tramitación e conclusións que se establezan posteriormente. O abonado poderá dirixirse, posteriormente, aínda que dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas, á oficina do servizo ou ó concello. Non se tomarán en consideración as manifestacións que non veñan asinadas polo abonado titular ou quen acredite a súa representación.

Artigo 31. Sancións por regulamento de verteduras .

1. O concesionario, en posesión da acta, formulará a liquidación do fraude, distinguíndose, a efectos da devolución e as responsabilidades do fraude, os seguintes casos:

a) Que se realizaran derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.

b) Que se utilice a auga para usos distintos dos contratos, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa a aplicar.

2. O concesionario practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

Caso a. Formularase unha liquidación por fraude, que incluírá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente houbera correspondido ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante o prazo de tres meses.

Caso b. Si se falseasen as indicacións do contador ou aparato de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal do mesmo, tomarase como base para a liquidación da contía do fraude a capacidade de medida do caudal nominal do contador, computándose o tempo a considerar en oito horas diarias e durante un período de tres meses, descontándose os consumos que durante este período de tempo foran abonados polo autor do fraude.

Caso c. Se o fraude se efectuou derivando o caudal antes do aparato do contador, liquidarase como no caso primeiro, e sen facer desconto pola auga medida polo contador.

Caso d. Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase a favor do concesionario, aplicando ó consumo a diferenza existente entre a tarifa correspondente ó uso real que se está dando á auga, e as que, en dito período, se aplicaron en base ó uso contratado. Dita liquidación farase por un período dun ano.

3. En todos os casos, o importe do fraude deducido estará suxeito ós impostos que lle foran repercutibles.

4. As liquidacións que formule o concesionario serán notificadas á administración municipal, e contra as mesmas o abonado poderá formular as reclamacións que considere oportunas, no prazo de quince días a contar desde a notificación de dita liquidación, sen prexuízo das demais accións en que se consideren asistidos.

Artigo 32.-

Toda actuación, comportamento ou conduta que incumpra a normativa deste regulamento, dará lugar á imposición de sancións ós infractores, conforme ó previsto neste regulamento e na normativa sectorial aplicable, sen prexuízo e con independencia da esixencia de danos e prexuízos, e das responsabilidades de orde penal que procederan.

Disposicións finais

1. Para o non previsto neste regulamento, estarase ó establecido nas leis e disposicións regulamentarias de carácter xeral ditadas sobre a materia, en concreto o Regulamento Marco do Servizo público de Saneamento e Depuración de augas residuais de Galicia, (Decreto 141/2012 de 21 de xuño)

2. Derróganse cantas disposicións anteriores se opoñan ó preceptuado neste regulamento.

3. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello durante o prazo de 30 días

6.Ratificación do decreto de aprobación do convenio de adhesión ó “Punto Limpo”

Dáse conta do Decreto da alcaldía de data 28 de abril do 2016, sobre a adhesión ao convenio en materia de residuos eléctricos e electrónicos.

“A Federación Galega de Municipios e Provincias e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinaron o pasado 30 de marzo de 2016 un convenio para realizar accións de mellora nos puntos limpos e así cumprir cos requisitos de recollida, almacenamento e clasificación de RAEE establecidos no Real Decreto 110/2015 do 20 de febreiro, de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

As accións que recolle o convenio, financiadas por fondos FEDER e fondos propios da Xunta de Galicia, son :

- Medios para a pesada de RAEE
- Marquesiñas para o almacenamento de RAEE.
- Barreiras de estanqueidade e beirís perimetrais.
- Carteis distintivos para as distintas fraccións de RAEE.

Así, mesmo o convenio contempla accións formativas para o persoal municipal vinculado á xestión dos puntos limpos, para que poidan acometer un tratamento axeitado dos residuos e dos RAEE en particular.

Tendo en conta, que a adhesión ao citado convenio ten que ser antes do 30 de abril de 2016 e a vindeira Xunta de Goberno terá lugar o 6 de maio, aprobar esta adhesión pola alcaldía e posteriormente ratificalo en pleno.

Por todo o cal RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.

SEGUNDO.- Aprobar a adhesión ao convenio marco de colaboración entre a a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, DONA BEATRIZ MATO OTERO, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), nomeada para dito cargo polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro, e en relación co establecido no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, ALFREDO LAUDELINO GARCÍA RODRÍGUEZ, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral do 30 de outubro de 2015.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe a este Departamento e ás súas dependencias, competencias en materia de medio ambiente e residuos, entre as que se atopa o fomento de accións de minimización da produción de residuos, da súa reutilización e reciclaxe e dos programas de colaboración cos concellos e con outras organizacións para a aplicación das accións indicadas.

Segundo.- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1, letra b) dos seus Estatutos.

Terceiro.- Que as entidades locais ostentan competencias sobre xestión dos residuos domésticos nos termos previstos pola Lei 22/2011, de residuos e solos contaminados que, en particular, atribúe ás entidades locais, como servizo obrigatorio, a recollida, transporte e tratamento de ditos residuos xerados nos fogares, comercios e servizos. Na mesma liña, a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia confire aos municipios a prestación dos servizos derivados da xestión dos residuos urbanos, debendo xestionar os servizos públicos de recollida, transporte, valorización e eliminación de tales residuos de forma directa ou indirecta.

Cuarto.- Que os puntos limpos de Galicia en funcionamento operan como instalacións de recollida de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (en diante, RAEE), de orixe doméstico, e/ou profesional, se así se establece na correspondente ordenanza local reguladora do servizo.

Que como tales instalacións, deben cumprir cos requisitos sobre condicións de recollida, almacenamento e clasificación establecidas no Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

Quinto.- Que os produtores de aparatos eléctricos e electrónicos domésticos serán os responsables de financiar a recollida, o transporte e o tratamento dos RAEE domésticos depositados nas instalacións de recollida das entidades locais, co alcance que se establece na Sección 3ª do mesmo Real Decreto 110/2015.

Sexto.- Que a disposición transitoria segunda do citado Real Decreto 110/2015, sobre a adaptación das instalacións de recollida das Entidades locais, establece que as comunidades autónomas e as entidades locais aplicarán plans de adaptación dos puntos limpos e das instalacións de recollida municipais ás previsións do Real Decreto, mediante calendarios graduais, cun prazo máximo de cinco anos dende a entrada en vigor do mesmo.

Sétimo.- Que o cumprimento da citada disposición transitoria segunda do Real Decreto 110/2015, esixe que sexan acometidas actuacións de adaptación naqueles puntos limpos que foron construídos ao amparo do Decreto 4/2005, do 13 de xaneiro, sobre colaboración técnica e financeira da Consellería Medio Ambiente coas entidades locais en materia de xestión de residuos.

Oitavo.- Que ambas institucións consideran que a xestión de residuos constitúe un dos piares básicos do benestar e estiman que a cooperación e a colaboración entre Administracións Públicas resulta prioritaria para establecer políticas comúns, sumar esforzos e optimizar os recursos das políticas públicas en materia de xestión de residuos.

Noveno.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas e con persoas xurídicas suxeitas a dereito privado, ao amparo do disposto no artigo 4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e no Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Polo exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio para contribuír á adecuación dos puntos limpos aos requisitos establecidos no Real Decreto 110/2015 e que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

I. OBXECTO E ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

a) Obxecto.

Este convenio ten por obxecto dotar aos puntos limpos de titularidade municipal e supra - municipal de Galicia do equipamento para a recollida e clasificación de Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos (RAEE) que se indica a continuación:

- Medios para a pesada dos RAEE recollidos.
- Marquesiñas para o almacenamento dos RAEE.
- Barreiras de estanquidade e beirís perimetrais.
- Carteis distintivos correspondentes ás distintas fraccións de RAEE.

b) Orzamento estimado

O Orzamento estimado do investimento ascende á cifra de 536.979,85 €, IVE incluído. Aos efectos orzamentarios, as anualidades do investimento previsto son:

EXERCICIO	ORZAMENTO	IVE	TOTAL	FINANCIAMENTO
2016	252.066,00 €	52.933,86 €	304.999,86 €	80% FEDER 20014-2020
2017	191.719,00 €	40.260,99 €	231.979,99 €	
TOTAL	443.785,00 €	93.194,85 €	536.979,85 €	

As anteriores previsións da programación económica poderán ser revisadas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio durante o desenvolvemento da actuación, dando coñecemento dos cambios, no seu caso, á Comisión de Seguimento prevista na Cláusula VII.

Os compromisos de carácter económico determinaranse sobre a base do custo real da actuación de conformidade coa Cláusula IV deste Convenio. O importe total do investimento dependerá dos custos reais incorridos pola Consellería.

II. OBRIGAS DAS PARTES

a) Obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

1. Levar a cabo todas as actuacións precisas para a licitación, adxudicación e execución dos contratos precisos para o cumprimento do obxecto do convenio, axustándose ao Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público.
2. Comunicar á FEGAMP a adhesión de cada Entidade local que se produza.
3. Intercambiar coas Entidades locais e a FEGAMP, canta información sexa de interese para o desenvolvemento e seguimento das actuacións previstas no presente convenio.

b. Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias.

1. Trasladar ás Entidades locais o presente convenio e promover a súa adhesión ao mesmo.
2. Colaborar coas Entidades locais e coa comunidade autónoma, na mellora da eficacia da recollida selectiva de RAEE.
3. Intercambiar coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e coas Entidades locais canta información sexa de interese para o desenvolvemento e seguimento das actuacións previstas no presente convenio.

c. Obrigas das Entidades locais que se adhiran.

1. Permitir á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o libre acceso ás instalacións do punto limpo de que se trate e permitirlle realizar cantas actuacións sexan precisas para o cumprimento do obxecto do convenio.

2. A renuncia expresa a esixir calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das actuacións obxecto deste convenio.
3. O compromiso de asumir, unha vez rematadas as actuacións e, previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, o mantemento e conservación dos subministros.
4. Poñer en marcha, de conformidade co disposto no Real Decreto 110/2015, as medidas necesarias para lograr unha mellora continua do reciclado de RAEE e garantir a correcta integración da recollida selectiva de RAEE no ámbito da xestión dos residuos municipais.

III. FINANCIAMENTO

1. Para a execución dos compromisos asumidos pola Comunidade Autónoma de Galicia, reservárase con cargo á aplicación orzamentaria 07 03 541D 623.1 a cantidade de cincocentos trinta e seis mil novecentos setenta e nove euros, con oitenta e cinco céntimos **#536.979,85€#**, coa seguinte distribución anual:
 - o **Exercicio 2016:** 304.999,86€
 - o **Exercicio 2017:** 231.979,99 €
2. Este esquema de financiamento poderá axustarse se, como consecuencia das necesidades dos municipios adheridos, o crédito inicial non resulta suficiente para dar cumprimento ao obxecto do convenio en cuxo caso, se deberá formalizar a correspondente Addenda ao presente Convenio onde se modificará o importe inicialmente establecido.

IV. COFINANCIACIÓN CON FONDOS EUROPEOS

O obxecto deste convenio cofinanciarase pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80% no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no eixe prioritario 6 “conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos”, prioridade de investimento 6.1. “O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dunha inversión que vaia máis alá de ditos requisitos”, obxectivo específico 6.1.1. “Desenvolver a separación, recollida selectiva e tratamento de residuos, incluíndo as accións de peche de ciclo; contemplando tanto os plans de xestión como os investimentos en infraestruturas”.

V. CUSTO DO INVESTIMENTO

- a. Entenderase por custo do investimento o importe que representa o custo total das subministracións, unha vez determinadas as necesidades reais de equipamento dos puntos limpos das entidades locais adheridas.
- b. Para a determinación das necesidades reais de equipamento seguirase o seguinte procedemento:
 1. Adherida a entidade local, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través dos técnicos que se destinen ao efecto, emitirá informe no que se especificará, á vista das características do punto limpo de que se trate, o equipamento que, estando comprendido no obxecto deste convenio, sexa necesario subministrar no punto limpo. No informe especificarase o custe estimado que derive do subministro do citado equipamento.
 2. O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, atendendo ao informe citado no parágrafo anterior, ditará resolución na que se determinará o equipamento a subministrar e o custe estimado da súa subministración.

Contra a resolución anterior, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no prazo dun mes

contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co establecido nos artigos 107.1, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- c. As actuacións precisas para a dotación dos puntos limpos serán executadas directamente pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

VI. PROCEDEMENTO DE ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS

1. Poderán solicitar a adhesión ao presente convenio as entidades locais que dispoñan dun punto limpo de titularidade municipal ou supra – municipal construído amparado polo Decreto 4/2005, do 13 de xaneiro, sempre que, antes do 31 de decembro de 2016, estean en disposición de reunir as seguintes características:
 - a. Estean autorizadas para a xestión do punto limpo, ou en trámite de obter a pertinente autorización. No caso de que a entidade local optara por externalizar a xestión do punto limpo, a adxudicataria do servizo deberá contar coa pertinente autorización de xestión.
 - b. Estean adheridas ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos, vixente.
 - c. Non ter sido obxecto de sanción firme en vía administrativa por deficiencias na xestión do punto limpo no último ano, e en caso de selo, ter subsanado as deficiencias a consecuencia das cales se lle impuxo a sanción.
2. As entidades locais que voluntariamente decidan adherirse ao presente convenio, deberán comunicar, no prazo dun mes dende a sinatura do presente Convenio, a decisión á Comunidade Autónoma de Galicia de xeito fidedigno e asinar un Acordo de adhesión **-segundo o modelo que se achega como Anexo I-** no que expresamente se acepten todas as condicións do presente convenio.

O presente convenio entrará en vigor para as Entidades Locais que voluntariamente se adhiran o mesmo día da sinatura por estas do Acordo de adhesión.
3. A comunidade autónoma informará á FEGAMP das adhesións que se produzan, no prazo máximo de 15 días hábiles dende a formalización as mesmas.

VII. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e dous representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

A composición da comisión será a seguinte:

- Pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a persoa titular da Secretaría Xeral de Calidade Ambiental ou persoa en quen delegue, e a persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental, ou persoa en quen delegue.
- Dous representantes da FEGAMP.

VIII. MODIFICACIÓN, VIXENCIA E DURACIÓN

O convenio poderá modificarse, mediante a subscripción dunha Addenda ao mesmo, polas seguintes causas previstas:

- Pola necesidade de aumentar a dotación orzamentaria prevista na Cláusula I, tras determinar as necesidades reais de equipamento das entidades locais adheridas, conforme á Cláusula IV.
- Pola necesidade de ampliar o prazo de execución do mesmo, para a correcta realización da totalidade do seu obxecto.

- Para dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria, reducindo o volume das obrigas asumidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ou ampliando os prazos de execución previstos neste convenio.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.

Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

- o Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- o Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do Convenio.
- o Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións a contratar como consecuencia deste Convenio, para atender os servizos públicos esenciais, entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

Estas modificacións deberán formalizarse mediante a subscripción dunha Addenda ao Convenio. O presente convenio marco entrará en vigor o día da súa sinatura e a súa duración será ata o 31 de decembro de 2017.

IX. RESOLUCIÓN ANTICIPADA DO CONVENIO

Son causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a) Por incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo da elixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante.
- b) Por mutuo acordo.

X. RÉXIMEN XURÍDICO

Conforme ao establecido no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, este convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, sendo de aplicación os seus principios para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Este convenio ten natureza administrativa. Sen prexuízo das funcións da comisión de seguimento, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir en tomo á súa interpretación, aplicación, modificación, resolución e efectos corresponderá á xurisdición contencioso - administrativa. Calquera variación das cláusulas establecidas no presente convenio terase que consignar necesariamente por escrito, carecendo de toda eficacia ou validez ata o cumprimento deste requisito.

XI. PUBLICIDADE

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na *Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega*, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade esixida.

Así mesmo, na licitación e execución dos contratos precisos para o cumprimento do obxecto deste Convenio, deberán cumprirse, as obrigas esixidas pola normativa comunitaria nas distintas actividades de información, publicidade e comunicación, nos termos previstos no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o

Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, e especialmente o adxudicatario dos contratos terán en conta do seu anexo XII as responsabilidades determinadas respecto da información e comunicación sobre o apoio procedente dos fondos europeos dispostas no apartado 2.2 relativo ás medidas de información e comunicación dirixidas ao público; e no Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006; así como no que se dispoña na normativa de desenvolvemento e execución destes regulamentos como o previsto no Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos.

En proba de conformidade, as partes asinan este Convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento, quedando un exemplar en poder de cada unha das partes.

A Conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

O Presidente da Federación Galega de
Municipios e Provincias

Beatriz Mato Otero

Alfredo Laudelino García Rodríguez

TERCEIRO.- Comunicar esta resolución á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

O señor Canabal di que: “Vista circular informativa da Fegamp, non é necesario a ratificación.

Visto o convenio apoiamos a proposta, aínda que vemos que é un convenio con moi pouca dotación económica, polo que pouco se poderá facer.

É necesario buscar solucións á xestión de todos os residuos, e tamén concretamente á xestión dos aparellos eléctricos e electrónicos. Á vista do convenio vemos que tamén poderán empregar o punto limpo os comercios que acumulan estes aparellos, que ata agora non podían.

O señor Sanjuás di que, en principio está aberto os venres pola tarde e os sábados mañá e tarde.

O concelleiro don Alejandro Bermúdez di que nalgún concello (A Estrada) as empresas non poden depositar estes residuos, ao que responde o señor Barcala que agora si se pode, aínda que a normativa é moi xeneralista. Di, así mesmo o señor Barcala que cando se compra algún electrodoméstico xa se aboa un importe correspondente ó reciclaxe.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor de todos os asistentes acórdase:

1. Ratificar o Decreto de 28 de abril do 2016, e consecuentemente aprobar a adhesión ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

2. Comunicar este acordo á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

7.Dar conta liquidación 2015

Dáse conta da liquidación do orzamento 2015 da que resulta que se cumpren os obxectivos de estabilidade presupostaria e a regra de gasto, e cuxos datos económicos ascenden a:

Remanente Tesourería:	1.097.250,12
Resultado presupostario:	491.400,83
Superávit: (o R. presup. axustado)	612.171,34
Aforro bruto:	411.124,93
Aforro neto:	100.793,97

O señor Canabal di: “En canto á liquidación dicir simplemente que teño certas diferenzas cos datos aportados polo concello e que nos vindeiros días remitirei aos servizos do concello unha relación de desaxustes nos datos que observei, ao fin de poder aclarar as diferenzas.

E en canto á discusión, quedará para cando se convoque a comisión para analizar e discutir a conta xeral, na que agardamos poder ter un debate co equipo de goberno”.

8.Moción número 677 do PP

O voceiro/concelleiro do Partido Popular, don Jesús Sanjuás Mera , abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego, co seu presidente e a Conselleira do Medio Rural á cabeza, vén traballando no obxectivo de garantir a viabilidade e futuro do sector primario, impulsando iniciativas e acordos que contribúan ao mantemento estable da súa actividade e dos empregos a ela asociados.

O obxectivo final é garantir que as explotacións agrarias, gandeiras e forestais desenrolen a súa actividade dentro dun marco de competitividade e crecemento. Trátase o sector primario do sector base da nosa economía. Dentro da defensa e protección dos nosos agricultores e gandeiros, cómpre, que dende o Goberno Central se aprobe unha bonificación potestativa do 95% sobre todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

Neste sentido, na Sesión de 16 de Marzo de 2016, do Parlamento Galego, foi aprobado un acordo sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Por tanto, dada esta situación do sector primario, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Santiago de Compostela, propono ao concello de Boqueixón a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro.- Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenrole sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de depreciación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda estas estean sen uso por cese de dita actividade.

Segundo.- Trasladar ó Ministerio de Facenda e ós concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o mais amplas posibles na súa tributación.

Terceiro.- Que establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

Carto.- Dirixirse ao Goberno Central a que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensable para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

Quinto.- Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

Sexto.- Aplicar sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo esixible.

O señor Canabal di: vaia por diante que imos dar apoio a esta moción, porque nós mantemos un mínimo de coherencia, non como o grupo popular. E facémolo, aínda que á vista da moción que presentan, da a sensación:

-Que é tan só propaganda, máis que á necesidade de modificar moitas das ordenanzas deste concello para adaptalas á realidade actual.

-Dan tamén impresión de que vostedes non gobernan, solicitan a outros o que teñen que facer vostedes.

Deixan pois coa moción, certo tufillo á propaganda electoral máis rancia. E demostrareino a seguir:

Primeiro: O Grupo Municipal de Veciñ@s presentou no pleno de novembro pasado unha proposta fiscal bastante completa, onde entre outras cousas se pretendía *“Excluír ou bonificar da base do IBI os cortellos independentes da súa dimensión, alpendres e cubertos na totalidade do Concello, facendo unha revisión do padrón ao fin de ver se algún pequeno alpendre foi considerado rústico no presente exercicio”*. A resposta do PP foi entón negativa.

Segundo: Na mesma proposta solicitabamos unha bonificación especial de ata o 50% a todas aquelas zonas do concello con características rurais, algo que establece como posible a propia lei de facendas locais. A resposta do PP, negativa.

Terceiro: Custa crer unha moción do PP que solicite “*dirixirse ao Goberno Central a que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013 – 2016 a futura e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico*” cando foi o propio asinante da moción quen en 2013 solicitou esta regularización catastral, que foi solicitada de novo para os anos 2015 e polo actual alcalde para o 2016. É dicir, unha decisión política do propio Partido Popular incrementou o IBI nun 34% nos últimos 3 anos, e aquí solicitan agora que se lle aplique unha exención. Certamente curioso.

Cuarto: Custa moito tomar en serio unha moción do PP onde se solicite aplicar “*sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%*”. Se realmente queren baixar o IBI, fagan a modificación oportuna, na ordenanza.

Imos pois votar a favor, porque mellor unha mellora a medias que nada. Pero instamos ao goberno municipal a que deixen o seu actual sectarismo e lean e estuden as mocións e iniciativas que chegan a este concello, veñan de onde veñan, e non atendan tan só ás mocións tipo do seu partido.

Porque actuando como ata agora, non só son sectarios, senón que fan o máis rotundo ridículo.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor de todos os asistentes apróbase esta moción número 677 presentada polo grupo municipal do PP.

9. Información da alcaldía

Danse conta dos decretos habidos desde o 8 de marzo do 2016 ata o 6 de maio do 2016, do cal se dan por enterados.

10. Rogos e Preguntas

1. Rogos e preguntas formuladas pola señora Maricarmen Soutullo

ROGOS

A) Sobre as mocións presentadas por CxG (Compromiso por Galicia)

Unha era referente á pobreza enerxética, onde se insta á Concellería de Benestar Social e o alcalde de Boqueixón a iniciar conversas coas empresas subministradoras de electricidade e gas para que no concello non se lle corte a luz nin o gas as familias máis necesitadas sendo o concello o que se faga cargo de esas facturas.

A outra era referente a bonificación do IBI ás explotacións agrarias e gandeiras, onde se instaba a unha bonificación dun 95% da cota íntegra do IBI para os bens que desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras e aplicar ás explotacións agrícolas e gandeiras o coeficiente de tributación do 0,3% sobre o valor catastral.

Rogaríamos ó Concello de Boqueixón se teñan en conta todas aquelas mocións ou rogos presentados por grupos políticos, asociacións, particulares... e se lles de a oportunidade,

a quen as presente de defendelas en aras a transparencia do concello, da que todos facemos gala.

B) Sobre a maior información dos Servizos Sociais que se están a prestar no concello.

Rogaríamos o Concello de Boqueixón que dea unha maior publicidade a todos aqueles servizos os que os veciños teñen dereito.

Sería unha boa forma para dar coñecemento de todos eles editar un catálogo con todos os servizos e os requisitos e baremos necesarios para obtelos e que esta información conste tamén na web do concello .Para que así os nosos veciños vexan ao que teñen dereito e non se lles vendan coma favores.

C) Sobre a limpeza de camiños públicos.

Rogaríamos o concello a limpeza dos camiños públicos establecendo unha orde de prioridades.

Fago mención dun de grande importancia pois por el vai enterrado o sumidoiro da aldea de Castro a Ponte Ledesma. Este camiño comprometéronse a mantelo limpo pois si se producise unha avaría no sumidoiro antes de resolvela habería que rozalo para poder chegar os rexistros.

Ademais diso constitúe unha ruta de sendeirismo que vai da Ponte Ledesma á Casa Grande dos Valderrama co seu magnolio, camelias e o eucalipto centenario . Recordemos que por alí transcorría unha antiga calzada.

D) Rogaríamos se nos asigne xa un local dentro do concello o Grupo de Veciños .

Xa vai ala case un ano dende as eleccións e este grupo precisa de un local para levar a cabo a súa actividade política.

Os veciños teñen que ter acceso á atención de todos os grupos no propio concello.

Como parte que somos da corporación temos os mesmos dereitos que o grupo gobernante tan só nos diferencia o número de concelleiros.

E) Referente ás oliveiras da igrexa da Ponte Ledesma .

Dende o 21 de marzo saímos repetidamente en todos os medios de comunicación.

- Nas “Cartas ó director” do Correo Galego (3 de abril).
- Na Voz de Galicia (23 de abril)
- La poda de dos olivos centenarios sanos junto a la iglesia de Puente Ledesma alarma a los vecinos .
- No facebook de “Aceites Olei” con fotos e comentarios das oliveiras .
- Na Voz de Galicia (7 de maio) “Denuncian en el Seprona la drástica poda de los olivos centenarios de Puente Ledesma”.
- No Faro de Vigo (11 de maio). “Vecinos y ADEGA denuncian la poda de dos olivos centenarios en Puente Ledesma”.
- Na Voz de Galicia (11 de maio).
- Na publicación de ADEGA.

Precisamente desta asociación ecoloxista quixera ler a nota que se titula: “As administracións que non amaban as nosas árbores“. Di así:

“A tolerancia desmedida dalgúñas administracións coa expansión do eucalipto contrasta co desleixo pola protección das nosas árbores senlleiras. A última desfeita tivo como vítimas as oliveiras tricentenarias de Ponte Ledesma (Boqueixón).

As árbores medran xunto á igrexa do lugar de Ponte Ledesma, e dise que foron plantadas cando se acabou de construír a capela, alá polo 1735. A veciñanza comenta que foi un agasallo de comerciantes de aceite que traían o seu ouro líquido dende a zona de Ourense cara Compostela cruzando o Ulla pola ponte romana de 9 arcos. Son dunha raza autóctona, a "Raza Brava Galega" que estivo ao borde da extinción e que actualmente está en vías de recuperación.

Estas oliveiras acompañaron a vida e a morte de moitas xeracións de veciños de Ponte Ledesma sen que houbera problema algún... até hai uns días.

Unha desastrosa poda polas bravas de alguén a quen "molestaba" a sombra das árbores !? foi completada polo persoal do concello para "homoxeneizar" o perfil, co lamentábel resultado que pode ver nas fotos.

No seu momento, a Xunta tamén rexeitara a iniciativa veciñal de incluír ás árbores no “Catálogo das Árbores Senlleiras”, porque ao parecer, non daban a talla.

Resulta lamentábel que a Xunta primeiro e o concello de Boqueixón despois fagan ouvidos xordos ás demandas da cidadanía de protexer as nosas árbores e formacións máis senlleiras. Cantas veces acontece que é a veciñanza quen reclama a protección dun espazo ou elemento natural?

Por desgraza, casos como as oliveiras de Ponte Ledesma, exemplos de desleixo institucional e falta de sensibilidade polo coidado deste patrimonio, non faltan: o ameneiral de Sarria, a fraga de Casas Vellas, a carballeira de Anllares, o eucalipto de Maná...”

Os veciños de Ponte Ledesma están esperando que dende o concello se lles dea unha explicación .

Os veciños non están contentos coa xestión que se levou a cabo e menos coa actitude da concelleira Ana Seijo Mosquera .

Neste apartado a concelleira dona Ana M^a Seijo di que se trata dunha soa oliveira e que sempre deu explicacións cando lle foron solicitadas.

2. Rogos e preguntas formuladas polo señor Perfecto Barcala

ROGOS:

A) Rogo que se arranxen a beirarrúas de Sergude, sitas a carón das vivendas dos ferroviarios (Susana), que están esnaquizadas, afundidas o que pode provocar caídas aos peóns.

B) Volvo a recordar que se nivelen as distintas arquetas da pista de Boqueixón a Codeso (Maravexás) que seguen estando afundidas e xa se devolveu o aval de garantía e a obra sen rematar, hai que dicir que non son todas porque algunhas, entrando en Boqueixón, xa están corrixidas.

PREGUNTAS:

1. Quén fixo a petición de poda das oliveiras de Ledesma?
2. Contaba o concello a pertinente autorización de Palacio- Arcebispado de Santiago, Patrimonio, veciños de Ledesma, etc., para a poda destas árbores centenarias?.
3. En base a qué se accede a facer podas de árbores que non están en terreos nin son de propiedade do Concello de Boqueixón?
4. Por qué a igrexa e os veciños de Ledesma non son consultados para facer unha poda, ou máis ben unha mutilación, destas árbores protexidas, no seu tempo e cos correspondentes estudos profesionais e coñecementos sobre da materia?
5. Qué foi da madeira que se podou, cal foi o seu destino, onde están eses troncos que teñen unha antigüidade aproximada de 281 anos, dos que temos varias fotos?
6. En base a qué premisa manifesta a Sra. concelleira Ana Seijo que “ É máis importante o millo do veciño que as oliveiras centenarias e que había que podar a outra oliveira porque tiña “musgo”? Fonte Faro de Vigo 11-5-2016.
7. Quén colgou no taboleiro da igrexa de Ledesma, lexislación sobre poda das comunidades de Cataluña, Aragón e Navarra?
8. Sabe vostede algo sobre a non inclusión das dúas oliveiras centenarias no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia que foi rexeitado pola Xunta pese a que no período de alegacións non se presentou ningunha? É moi raro isto xa que non hai motivos para non inscribilas e sobre de todo alegando que non daban a talla (claro que despois de chapodaldas calquera dá a talla se che cortan as extremidades).
9. Sabe vostede da existencia dun vertedoiro incontrolado en Loureiro, parroquia de Pousada sito nunha masa común, cheo de restos de obras, entullos, electrodomésticos...?

O señor Sanjuás responde que se está realizando un recheo e pregunta o señor Canabal que se é así, se solicitaron licenza.

O señor Sanjuás responde que el non a viu.

O señor Canabal di que se non a solicitou haberá que denunciar ó responsable e ademais que o señor Sanjuás debería sabelo porque está cobrando por prestar servizos ó concello. Segue dicindo o señor Canabal que a empresa Santos si pediu licenza para realizar un recheo.

O señor Barcala demostra que non se trata dun recheo de terra, senón dun vertedoiro incontrolado, mediante fotografía no seu teléfono móbil.

10. Quén vixía as obras de soterramento dunha liña de alta tensión que está a levar a cabo unha compañía de electricidade entre as parroquias de Ledesma, Oural e Pousada, que discorre na súa totalidade por pistas do noso concello? Supoño que contarán co correspondente proxecto e licenza, xa que e unha obra moi perigosa e hai rumores de que non se está facendo conforme a o proxecto no tocante a profundidade e materiais de aillamento e seguridade. Pódenos informar o respecto desta obra e as súas condicións?

-“Comprobado este expediente no departamento de urbanismo, si consta a solicitud de licenza e o correspondente proxecto, presentación de aval, informe favorable da arquitecta municipal. Falta informe sectorial de “Patrimonio Cultural”.

11. Sobre a inspección de naves industriais de Boqueixón. Qué organismo as está levando a cabo? policía autonómica, Xunta de Galicia, xulgados de Santiago?
Responde o señor Sanjuás que o xulgado.

3. Rogo formulado polo señor Canabal

Sobre a obra de recheo dunha finca en Sergude (Polígono de Santos). Vimos nos últimos días que o concello solicitou un informe para solicitar o aval correspondente. A pista de acceso á aldea está completamente desfeita, xa non do tránsito de camións para esta obra de recheo en concreto, senón polo paso de camións para as distintas obras que se foron facendo nestas naves, a pesares de estar proxectado un acceso polo SAUI-1, acceso que aínda está sen realizar. O tránsito actual é un pesadelo para os veciños, e isto reflíctese, como xa dixen no estado da pista, máxime cando hai dous sinais que prohiben o paso a vehículos de máis de 5,5 Tm. Dubido moito que se vixé este extremo e supoño que pasarán camións con máis tonelaxe, á vista do estado actual da estrada. Rogamos que se execute o aval e se repare a pista, e ademais que se tente que os interesados fagan o acceso por onde o teñen marcado ao fin de molestar nin deteriorar máis a pista actual.

Neste momento o señor Barcala reitera o tema das liñas de alta tensión e pregunta se presentaron aval porque trátase (di o señor Barcala) dunha obra moi perigosa e hai que mirala ben. “Como xa se reflicte anteriormente, si presentaron aval”.

O concelleiro Alejandro Bermúdez di que o propietario da obra é o que ten que responder da mesma.

Que o concello responde porque a obra se axuste ó proxecto presentado, pero o promotor, así como o arquitecto autor do proxecto e a dirección da obra son os responsables, aínda que, certamente deba comprobar todo a fin de constatar que se axusta ó proxecto.

O señor Barcala, reitera que el informa para que o concello teña coñecemento e faga un seguimento exhaustivo da execución desa obra.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace
O concelleiro